(2) Mar del Orzán; pequeña ensenada al O. de la ciudad de
la Coruña, notable muchos días por su recio oleaje.

y as rapaciñas d'a vila
c'o meu *niño* logo dan. (nido)

59. Tèste ti por boa moza
con pendentes de coral;
mellor che fora ter vacas
que *bruasen* (1) n-o corral.

60. Tèste ti por moi sabido (2)
por moi sabido te *tès*; (tienes)
¡unque te *tès* por sabido,
moita sabencia non *tès*!

61. Todos los mozos d'ahora
son feitos de pau de pino
collen âs nenas d'a man (3)
e fanlle o amor pol-o fino.

62. Traes *chaqueta encarnada* (4)
¡mal raxo de Dios *che fenda*!; (te hienda)

(1) *Bruar*: mugir

(2) *Sabido*: Es uno de los participios usados en gallego en la forma activa, á pesar de su forma pasiva y, por lo tanto, pertenece á los irregulares por su significación.

(3) *D'a man*: De la mano. Hay aquí otra preposición innecesaria en castéllano, pero que da á la locución un sonido más agradable.

(4) Es bastante común en el partido de Betanzos el uso de la *chaqueta encarnada*.

traes chaqueta encarnada
está-la debendo n-a tenda.

63. Unha vella e un candil
son escusados n-a casa :
a vella *roña* que roña (gruñe)
e o candil consom' a grasa.

64. Unha vella *fixo* papas (hizo)
e botounas n' unha criba,
puxo a criba n-a cabeza
e escaldóus' a vella viva.

65. Vale máis unha artesana,
c' unha saya de percal,
que todas las señoritas
vestidas de tafetán:
elas son feas
que é un horror
e as artesanas
son com' un sol.

66. Vállame Dios si caera (1)

(1) Parecido á otro castellano.

aquel que vai *d'a* (1) cabalo;
 ¡o que m'había de rir
 anqu'estou apesarado!

67. Vivan os mozos de *Rua* (2)

vivan os mozos rucos;
 para cantar e bailar
 vivan os de *Sargadelos*. (3)

68. Xaniño, Xaniño, Xan,

Xaniño traballador;
 a muller n-a romaría,
 Xaniño n-o seu labor.

69. Xuana andaba descalza (4)

Xuana porque quería
 que a casa d'o zapateiro
 Xuana be-n-a sabía.

(1) La preposición *de* intercalada en este verso como es costumbre en el dialecto, tiende á evitar el amontonamiento de muchas vocales.

(2) Cerca de Vivero.

(3) Sargadelos, al Norte de la provincia de Lugo, fué algo nombrado, no hace muchos años por su fábrica de Loza y fundición.

(4) Parecido á otro castellanc.

Los números 1 y 7 fueron obtenidos en el lugar de Palavea, parroquia de Elviña, próximo á la Coruña. El 4, 6, 11, 26, 45, 60 y 61 en Abegondo y Aranga, del partido judicial de Betanzos. El 3, 15 y 34 en varios puntos de los partidos judiciales de la Coruña, Betanzos y Puentedeume. El 12, 13, 14, 16, 19 á 23, 25 y 31 en varias parroquias del partido judicial de Betanzos. El 24 y 67 en Vivero y Cerbo de la provincia de Lugo. El 35 en Betanzos, provincia de la Coruña. El 36, 54, 55, 56, 58, 59, 63 y 64, en la Coruña. El 37 y 38 en la Coruña y otros puntos del partido judicial de la misma. El 42 y 43 en varios puntos de los partidos de la Coruña, Santiago y Padrón. El 44 en Sada y Abegondo, partido judicial de Betanzos. El 46, muy común en Galicia. El 47 en Elviña, partido judicial de la Coruña. El 51 en la Coruña y Santiago. El 52, 53 y 57 en Cerbo, provincia de Lugo. El 54 en varios puntos del partido judicial de Betanzos, y en Palavea del de la Coruña. El 62, 63, 68 y 69 en la Coruña y Santiago de Compostela.

CANTAR (SOBRE)

1. Aquí me teño d'estar
por dar gusto á meus señores;
aquí teño de cantar
os mandamientos de froes.
2. *Arrabéas* porque canto, (rabias)
porque río, moito máis;
héime de rir e cantar
para que arrabees máis.
3. Axudádeme á cantar
axúdeme o que quixer;
axudádeme á cantar
sinón vou á enronquecer.
4. Cánta, compañeiro, cánta,
cánta, que Dios che dou gracia;

a miña cando nacín
quedóu n-o *fol* (1) d'a liñaza.

5. Axudádeme á cantar,
rapazas d'a miña aldea;
ayudádem ' á cantar
que m'atopo en terra allea.
6. Cantador qu'estás cantando
e te tès por mui cantista,
ahora vamos á ver
quén tèn a lingua máis lista.
7. Cánta gordo, cánta gordo,
meu hirmán Manoeliño;
cánta gordo, cánta gordo
qu'eu cantaréi delgadiño.
8. Deprendéronm'á cantar
as neniñas de Rianxo;
deprendéronm'á cantar
indo pol-a mar abaixo.

(1) Saco de pergamino.

9. Dices que non canto ben,
para ti canto bastante;
si non me quères oir,
arre, burro, para diante.

10. Estamos en tempo santo
non é tempo de cantar;
é, d' aprender a doutrina
para nos *ensaminar*. (1)

11. Este cantariño novo
¡qué-n-o *soupera* (2) levar!
¡as nenas d' a miña terra
sábeno repinicar! (3)

12. Este cantariño novo
quén-o trouxo á esta terra;
¡quén-o trouxo? Farruquiño,
n-a polaina d' unha perra.

(1) Alude á la costumbre de ir á la parroquia á examinarse de Doctrina Cristiana durante la Cuaresma.

(2) Se dice *soubera* y *soupera*.

(3) *Sábeno repinicar*: lo saben expresar con toda efusión.

13. Este é o sôn d'a *Mariña* (1)
 este é o sôn mariñán;
 este é o sôn d'a Mariña
 que o trouxo meu hirmán.
14. Estou ronca, ben non canto,
 estou ronca, ben non canto;
 acabéi d'enronquecer
 c' un vaso de viño branco.
15. Estou ronca, be-n-o sinto,
 estou ronca, be-n-o sinto;
 acabéi d'enronquecer
 c' un vaso de viño tinto.
16. Eu cantar ben che cantaba,
 a gracia non era *moita*; (muchacha)
 ¡quén me dera un burro vello
 pra votar á quen m' escoita!
17. Eu son o cego de *Loiba*, (2)
 todos me mandan cantar,

(1) Territorios pintorescos próximos á la Coruña y Betanzos.

(2) San Julián de Loiba, parroquia del partido judicial de Ortigueira, provincia de la Coruña.

e non hai ûn que me diga :
tóma, cego, pr 'a fumar.

18. Fun po-la calle d'o *Monte* (1),
non sei si ch'o conte,
pero, vouch 'á contar;
as nenas d'o *cu cosido* (2)
¡Dios mío querido,
non poden andar!

19. Máis valera que calaras
xa que non cantas con modo,
váit 'á cantar onde sabes
xunt 'â casa de Rebolo.

20. Moita *vergonza* (3) me custa
poñerm'aquí á cantar,
donde hai tantas mayestras
que me poden ensinar.

21. Moito había de cantar
esta miña gargantiña ;

(1) Arrabal de la Coruña.

(2) Vestidos sin vuelo usados por las damas durante los últimos lustros.

(3) Se dice *vergoña* y *vergonza*.

moito había de cantar
si bebera unha pinguña.

22. Non podo xa cantar máis,
que está meu amor de diante
e m'está choscando o ollo (1)
qu'estóu ronca e que non cante.

23. N-o outro lado d'o río
oín cantar, e *escoitéi*, (escuché)
¡eran uns estudiantiños
que *viñan* de Monterréi! (venían)

24. Para cantar e beilar,
nenas d'o val d'a Mariña;
para reza-l-o rosario
víván as de *Raño arriba* (2).

25. Para cantar e beilar
víván as nenas de *Cela* (3);
e para andar o viacrucis
víván as d'a miña terra.

(1) *Choscando o ollo*: guiñando ó facendo señas con un ojo.
(2) En el Ayuntamiento de Aranga.
(3) Santa María de Cela, en Cambre, partido judicial de la Coruña.

26. Pol-a que entrou á beilar
a qu' está bailando agora;
pol-a que entrou á beilar
cantaréi a noite toda.
27. Si ti quixeras oir
os meus mellores cantares,
non sabías si era eu
ou a *serena* (1) d'os mares.
28. Todol-os que cantan ben
cantan hasta a media noite;
e yeu como canto mal
canto máis alá d'as doce.
29. Vénte, mociño solteiro,
vénte, mociño d'o Porto;
chámant'as de terra adentro
que van á cantar un pouco.
30. Xa non podo cantar máis
que se me toma a garganta;

(1) La sirena á que se refiere esta copla es una ficción extendida en cantos de diferentes naciones.

si me dades un gotiño
hábol-o pagál-o (1) a Santa.

31. Xa sei qu'osté sabe moito,
non pretendo de o vencer;
n-a primeira cantiguíña
adiós lle quero *decer*. (2)

El número 2 fué obtenido en Ares, provincia de la Coruña. Los 3, 11, 14, 29, 30 y 31 en Aranga, partido judicial de Betanzos. El 4, 8, 9 y 27, en la Coruña. El 7 en Palavea, próximo á la Coruña. El 10 en Cerbo, provincia de Lugo. El 28 en Oleiros, provincia de la Coruña.

(1) *Hábol-o pagál-o*: os lo ha de pagar.

(2) También se usa *dicir* en lugar de *decer*, común en la parte de la montaña.

CASAMIENTO

1. As nenas d'acó e d'aló
xa non se poden casar,
porqu'o Rei chama ôs rapaces
ô sirvicio militar.

2. *Arrouchar*, (1) arrouchar,
que me quero casar;
e con quén—e con quén,
con Antón d'acólá; (acullá)
así eu medre—así eu medre
así eu medre—e verdá,
pois Antón—pois Antón,
aala xa—venté xa.

(1) Este *arrouchar* infinitivo, está haciendo veces de imperativo. Algo parecido ocurre en gallego cuando se usa un subjuntivo por un infinitivo; por ejemplo: «*Non teño xa que lle faga.*» No tengo ya que le haga, traducido literalmente.

3. A unha vella, moi ben vella,
máis vella que Zaragoza
tratáronll' o casamento:
¡de vella volveuse moza!
4. Bóta leña n-ese lar
aunque sea toxo macho,
qu' esta noite se concerta
seña Andresa c' o Carracho.
5. Cando meu pai se casóu
co-a muller qu' inda hoxe ten; ⁽¹⁾
era n-o tempo d' as uvas
inda *lle* ⁽²⁾ m' acorda ben.
6. Caseime c' unha señora,
coidando ⁽³⁾ que tiña don;
tiña piollos d' á libra (tenía)
e pulgas d' á cuarterón.
7. —Dáme d' o teu pan, Antona,
d' o que das ô teu marido.

(1) *Qu' inda hoxe ten*: que aún tiene hoy.

(2) En el primer tomo hemos hablado del enclítico *lle* y de otros que contribuyen á la dulzura del dialecto.

(3) *Coidando*: suponiendo.

— O meu marido vai fora,
levóu as chaves consigo.

8. — Díme, casadiña nova,
¿cómo che vai de casada?

— ¡ Como criada que sirve
e non lle pagan soldada!

9. ; *Eu* (1) casar *ben* (2) me casaba
recelar be-n-o recelo!
por non andar perguntando.
á como pasa o centéo.

10. Eu caseime co' a filla
co' a filla d'o Arañón,
ela bonita non era
probe sí, honrada non.

11. Eu caseime con un xastre,
¡ai! nunca me eu casara;

(1) Es bastante común que el infinitivo se ponga delante de otro tiempo del mismo verbo, como los de los dos primeros versos de este cantar. También se verifica con el verbo ser, por ejemplo: ; *ser, é como un sol!*

(2) Es frecuente el uso de este *ben* en varios casos, según dijimos en el tomo I.

todo o dote que me dou
foi unha capa de sarna.

12. Eu caseime $\left\{ \begin{array}{l} \text{pol-o} \\ \text{n-o} \end{array} \right.$ Agosto,
miña sogra non ten *pan*, ⁽¹⁾
cándo no-o ten n' o Agosto
¡qué fará po-lo *San Xoán!* ⁽²⁾

13. Heiche de dar medio neto,
medio neto ch'hei de dar;
heiche de dar medio neto
para contigo casar.

14. Heime de casar aquí
qu' é terra de moito pan:
co-as *silvas* d' a miña sogra, (zarzas)
teño lume para o *vran*. ⁽³⁾

15. Heime de casar est' ano
heime de casar e hei,

(1) Se refiére á los cereales de la cosecha reciente.

(2) Alude á la época en que los labradores no conservan apenas cereales de los recolectados en la última cosecha.

(3) Se dice *vran*, *bran* y *brau*.

heime de casar est'ano
c' un soldadiño d'o Rei.

16. Heime de casar n'aldea
¡qué demoro (1) podrá ser!
anque non haxa milliño (2)
pataquiñas ha d'haber.

17. Heime de casar n-este ano,
teño n-eso moito empeño,
anque sepa de vender
catro galiñas que teño.

18. Meu Señor San Andresiño,
que está n'alta montaña:
este ano, *vin* solteira; (vine)
pr'o que vèn viréi (3) casada.

19. Miña nai por me casar
non me deixou ir soldado,
ahora qu'estóu casado
tocóume n-o *refugallo*. (4)

(1) *Demoro*: equivale á demonio.

(2) *Milliño*: aparentemente es diminutivo de maíz; pero en igor es manera cariñosa del dialecto.

(3) *Pr'o que vèn viréi*: para el que viene, ó próximo, vendré.

(4) Últimos restos: cosa despreciable.

20. Non te cases, miña hirmán,
mira, non ch'ha de pesar;
qu' os rapaciños d'ahora
non ganan para fumar.
21. O carballo d'o pe torto
pòn a rama ben dereita;
pero o home desque casa
non trai a barba ben feita.
22. ¡Par'un hirmán que teño
solteiro e por casar;
para un hirmán que teño
lévanm' o de militar!
23. Rapaza, ti non te cases,
si queres por min agarda;
qu' en *vindo* eu d' o servicio (viniendo)
faremos a vida santa.
24. Rapaza, ti non te cases,
si queres por min espera:
qu' eu non me podó casar
hasta coller a licencia.

25. Si meu pai non me casare
 par' o domingo que vèn,
 vóulle poñer lume â casa
 e quéimolle canto tèn.
26. Ténte dereita, *Bieita*, (Benita)
 que teu pai te quer casar;
 — tan dereitiña me poño
 qu' o vento me quèr levar.
27. Toda-las mozas solteiras
 pidíronll á San Antonio
 que lles dèse casamento
 qu' estaban n-o Purgatorio.

Los números 1 y 2 fueron obtenidos en la Coruña. El 3 en varios puntos de los partidos judiciales de la Coruña, Santiago y Padrón. El 4 y 10 en Soandres, partido judicial de Carballo, provincia de la Coruña. El 6 en Cines de Abegondo, partido judicial de Betanzos. El 7, 8 y 9 en la Coruña y otros puntos de su partido judicial. El 11 en Vivero, provincia de Lugo. Los 13, 15, 17 y 21 en Aranga, partido judicial de Betanzos. Los 19 y 20 en Cerbo, provincia de Lugo. Los 24 á 26 en el partido judicial de Vivero, provincia de Lugo. El 22 lo mismo, y además en varios puntos del de la Coruña. El 23 en varios puntos de los partidos judiciales de la Coruña y Puentedeume. El 27 en Elviña, parroquia próxima á la Coruña.

COMIDA

1. A galiña pòn o ovo (1)
pr'a proveito d'a muller:
o home vai par'o monte
¡come broa (2) si a quer!

2. A miña muller, Farruco,
eche unha cumprimenteira
e'o rabo d'unha sardiña
comeu unha bôla (3) enteira.

3. A regueifa está n-a mesa
e non hai quen corte d'ela;

(1) *Pòn o ovo*: pone el huevo. *Ovo* no lleva *h*, porque no la necesita.

(2) *Broa*: borona ó pan de maíz.

(3) *Bôla*: bolla ó torta de pan.

para *cortar* (1) a regueifa
que viva Prego o d' a *Grela*. (2)

4. Arriméime, arriméime,
funm' arrimando;
n-a coziña d'o cura
comín o caldo.
Agarréi a cazola
rompinll'o mango
e por eso a criada
quedóu chorando.

5. Chama tua nai por ti,
desd'o *esqueiro* d' a eira, (escalera)
que váyas comer as papas
que ch' están n-a *borralleira*. (3)

6. Miña sogra morreu onte,
deixoum'o caldo n-a ola:
¡vamos comendo e roendo
quen se morréu que se morra!

(1) Es posible que en lugar de *cortar*, deba ser *cantar*, aludiendo al cantador que triunfaba en la improvisación; en el primer tomo nos hemos ocupado de este asunto.

(2) Lugar próximo á la Coruña.

(3) Cenicero del hogar.

7. O compango (1) Diól-o dé
á quen Diol-o queira dar,
á min gústam 'o compango
cando me poño á xantar. (2)

El número 3 fué obtenido en Elviña, parroquia próxima á la Coruña y limítrofe con el lugar de la Grela. El 4 en Cerbo, provincia de Lugo. El 6 en varios puntos del partido judicial de Betanzos. El 7 en Morás, Ayuntamiento de Arteijo, partido judicial de la Coruña.

(1) *Compango*: cualquier manjar que acompaña al pan (opsonium) de *con* y *pan*.

(2) *Xantar*: comer de mediodía; la comida del mediodía. No escribe el colector xantar con *j*, porque, como queda dicho en el tomo I, todas las sílabas con sonido de *x*, como el de la voz francesa *chercher*, aparecen en esta obra con un solo signo, y procediendo dicho sonido de ocho fuentes diversas de etimología, aparecería muy complicada la ortografía gallega al tener que prestar atención á tan variados orígenes. En castellano mismo tuvo la *x* el sonido representado aquí por dicha letra.

CONSEJOS

1. Andas d'arriba pra baixo
andas d'abaixo pra riba;
déixa d'andar, Benitiño,
descoidando a tua vida.
2. Cigarro que che se apague (1)
no-no volvas á encender
amores qu'has olvidado
no-nos volvas á querer.
3. Chégate, Minguíño, á ela
chégate e dall'un abrazo;
que si non te vira naide
xa lle tiñas dado catro.

(1) Parecido á otro castellano.

-
4. Debaixo d'unha figueira (1)
non te botes á dormir
nin cases con home vello,
nena, si queres vivir.
5. Mariquiña de Lamela,
¡xa non quès parrafear!
rite de quen te marmura
e de quen te fai chorar.
6. Non te mates por tomates
que os hai n-a tomateira;
mátate por tèr amores
d'unha miniña solteira.
7. Quen queira roldar que rolde,
pero conte c'o que fai;
que sempre en salir con noite
moi noite peligro hai.
8. Rosiña, n' andes descalza
que xa tès os pes feridos;
cálzate, Rosiña, cálza,
non me rompa-lo sentido.

(1) Parecido á otro castellano.

9. Si queres ir á pescar
po-lo que sepas non deixes,
porque como din alí:
« canto máis besta máis peixes ».
10. Si quès qu' o carro non cante,
miña prima Manoela,
si quès qu' o carro non cante,
bótalle sebo co-a vela.
11. Zapatiño d' unha sòl (1)
logo lle cai a *biqueira*; (2)
gárdate, miña miniña,
de caer a vez primeira.

Los números 1, 5 y 7 fueron obtenidos en el Ayuntamiento de Aranga, partido judicial de Betanzos. El 2 en Ares, partido judicial de Puentedeume. El 3 y 6 en Cerbo, partido judicial de Vivero, provincia de Lugo. El 2 en Oleiros y Mosteirón, del partido judicial de la Coruña. Los 8, 10 y 11 en varios puntos del partido judicial de la Coruña. El 9 en Sada, partido judicial de Betanzos.

(1) *Sòl*: suela.

(2) Puntera de piel sobrepuesta al calzado.

CUALIDADES PERSONALES

1. A ese mocíño, á ése,
á ése *chúscall'o* ollo (guíñale)
que, anque ch' é pequeniño
ten donaire para todo.

2. Anda tí, váite d' ahí,
cara de leite *callado* (cuajado)
que tès tan boa barriga
que leva *medio ferrado* (1)

(1) El ferrado, medida de capacidad para áridos, aunque de diferente cabida según las localidades de una misma provincia, equivale á unos diecisiete litros.

No es igual el destinado á medir maíz, que el del trigo y centeno. Es muy notable la diversidad de cabida en el de trigo y centeno usado en diversos territorios de la sola provincia de la Coruña. La menor cabida corresponde al de Betanzos (1 decálitro, 4 litros, 3 decílitros): sigue en orden la de los distritos de la Coruña y Carballo y Ayuntamiento de Outes: el ferrado de Ortigueira es todavía más grande: aunque iguales entre sí, le tienen algo mayor: Mesía,

3. Ánda tí, váite d' ahí,
 cara de leite fervido;
 que tès unha barriguiña
 que leva medio cuartillo.
4. Anque che digan, e digan,
 eres un cara lavada; (1)
 ind' andas pior que un trencó, (2)
 y' o teu corpo non val nada.
5. Anque son de antr' os toxos, (3)
 criada n-as carrasqueiras; (4)

Negreira, Noya, Órdenes, Padrón y Santiago: aventaja al de estos distritos el ferrado de Muros y á éste el de Cedéira, con sus semejantes los de Cerdido, Corcubión, Ferrol y Maañón. Por último, el ferrado de mayor cabida dentro de la provincia de la Coruña es el de Puentedeume (1 decálitro, 8 litros, 8 decilitros y 4 centilitros); salvo los de algunas otras parroquias del partido de Noya, que todavía le aventajan. Esta variedad por sí sola demuestra perfectamente la necesidad de plantear el sistema métrico decimal.

(1) *Cara lavada*: descarado.

(2) *Trencó*: patizambo.

(3) *Toxos*: arbustos espinosos sin hojas, especie de aliagas. Las ramas tienen aplicaciones agrícolas para dar de comer al ganado, para calentar el horno y para pudrideros de abonos. Los troncos dan muy buena leña.

(4) *Carrasqueiras*: sitio de carrascas ó *coscojas*, plantas de flores amarillas de las senecióideas, familia de las compuestas de *Decandolle*, crece en algunos arenales; florece de Junio á Agosto.

tamén sei beber o viño
com' as nenas d' a ribeira.

6. ¡Ai! raíz d' o toxo verde,
prantada n-a miña horta;
nunca vin home cativo (1)
rondando n-a miña porta.

7. ¡Ai! raíz d' o toxo verde,
posta n-a miña ventana;
nunca vin home cativo
deitado n-a miña cama. (acostado)

8. ¡Arriba, pandeiro roto,
abaixo, manta mollada;
donde estamos os *solteiros* (2)
os *casados* non val (3) nada.

9. Bunitiña e *mais* ben feita, (también)
así a quere o meu Pedro;

(1) *Home cativo* : hombre pequeño.

(2) En el primer tomo hay un cantar muy parecido á éste, pero que se refiere á los sexos.

(3) *Non val nada* : en rigor debiera decir *non valen nada*, pero en el gallego no es raro el uso del singular en sustitución del plural.

nin moi branquiña que espante
 nin negra que poña medo.

10. Cando o olmo dea peras
 e o trovisco ⁽¹⁾ dea uvas,
 entonces dirán verdá
 os homes de barbas rubias. ⁽²⁾
11. Cara de leite fervido
 cara de pan *varolento*, (con moho)
 tua *nai* anda dicindo (madre)
 que lle comen o formento.
12. Córre, coxo, que ch' é noite
 búscala pousada con día;
 qu' os coxos n-a miña terra,
 xa a buscan ô medodía.
13. Chamácheme delgadiña,
 grandísima bandalleira; ⁽³⁾

(1) *Trovisco* : torvisco vulgar ; arbustillo de flores pequenas pertenecientes á las timéleas de *Fussieu* ; algunos mendigos úsanla para producir úlceras artificiales.

(2) *Rubias* ó *rúibas* ; pues de ambos modos se dice en gallego.

(3) *Bandalleira* : mujer espantosa ; de *bandallo* , espantajo para ahuyentar los pájaros de los sembrados.

se *crebo* pol-a cintura (quiebro)
 serás tí miña atadeira.

14. Chamácheme moreniña,
 de branca non teño nada;
 non me paréu miña nai
 para ti, cara lavada.
15. Chamácheme moreniña
 eche d'o polvo d'a eira
 inda ti *no é-l-o* galán (no eres el)
 que me guindas ⁽¹⁾ n-a guindeira.
16. Dáme viño, dáme viño,
 auga, nin moita nin pouca
 sonche ⁽²⁾ d' esta condición
 tamén podía ser d' outra.
17. Delgadiña d'a cintura
 com' a palla d'o centeo,

(1) *Guindas*: tiras ó arrojas.

(2) *Sonche*, equivale á *soy*: la sílaba *che* es enclítica muy común en gallego y contribuye á hacer más dulce el lenguaje.

tomadora d' o tabaco,
trae la caixa n-o seo. (1)

18. Dixécheme qu' era fea
que son fea be-n-o sei
herdeino de miña nai (lo heredé)
que comprar no-no compréi.

19. Eu caseime en Pontevedra
c' unha nena d' a Moureira;
e todo o tempo se ll' iba
porque salíu priguiceira.

20. Eu bonita no-n-a son,
fea, non me quer ninguén;
¡coitadiña d' a bonita
que tanto traballo ten! (2)

21. Eu caseime con un vello
por dicir que tiña home;
tanto lle pesan os anos
qu' a cama sobir non pode.

(1) *Caixa n-o seo* : caja en el seno ó pecho.

(2) El final de este cantar hace recordar el conocido verso
¡Ay, infeliz de la que nace hermosa!

22. Eu caseime en Santiago,
 n'os arrabales de fora,
 c' unha filla d' a *priguiza*; (pereza)
 ¡toda-l-as horas me toma!
23. Eu caseime n-a montaña
 co-a filla d'un montañés
 ¡colores! ¡*moitas cores!* (1)
 ¡n-a montaña quedarès!
24. Eu non quero muller moza,
 non m'a dan os ceruxanos;
 quero unha mulleriña
 de catorce á quince anos.
25. En *Xora* (2) hai boas nenas,
 en *Loureiros* a fror d'elas,
 en *Recevé*s as fregonas
 e en *Castellón* as garelas. (3)

(1) Hay aquí una concordancia de género femenino, á diferencia del castellano.

(2) *Xora*, *Loureiros*, *Recevé*s, *Castellón*: lugares de la parroquia de Ois, en Coirós partido judicial de Betanzos.

(3) *Garelas*: mujeres de mucha lengua y descaro.

26. Farruca ten boas pernas,
 si as ten eu ben ll'as vin;
 non entran pernas como elas
 dentro d' o meu camarín. (1)
27. Galán d' a monteira negra,
 para tí o mundo é largo;
 miña nai é labradora
 e non quer xente fidalga. (2)
28. Malos furunchos (3) te coman,
cara de leite fervido; (4)
 qu' aunque engadaches (5) algunha
 saliches pouco mantido.
29. Micaela foi â fonte
 Xan Pardillo foi con ela,
 Xan Pardillo namorouse
 d' o andar de Micaela.

(1) *Camarín*: receptáculo, construído con varas entretejid^{as}, para secar el maíz.

(2) *Fidalga*: fina ó delicada.

(3) *Furunchos*: diviesos.

(4) Es bastante común llamar así á las personas de tez muy pálida.

(5) *Engadaches*: atrajistes con engaños ó alucinaste.

30. Miña nai, miña naiña,
 qué linda nai teño eu;
 vendeu o seu *coletinho* (1)
 para me comprar o meu.
31. Moreniña como min,
 vaite lavar ô pilón;
 que anque te laves e laves
 moreniña ès de *nación*. (2)
32. Non me case, miña nai,
 c' un pedreiro barrigudo;
 cando está picando a pedra
 bota p..... como un burro.
33. Non sei lêr nin escribir
 nin poñer o pè de roda;
 estrenaréi a monteira
 o día d' a tua boda.

(1) En Cerbo dan este nome al bolsillo ó faltriguera; pero en outras partes indica una prenda de vestir hecha de piel. También se llama coletito á una especie de chaqueta.

(2) Por naturaleza.

34. Non son bonita que espante
 nin fea que poña medo;
 así como Dios me dou
 así me quere o meu Pedro.
35. Non teño *cofia* (1) que poña (2)
 nin camisa que vestir,
 a culpa *tè-n-a* (3) meus ollos
 que *non fan* sinon durmir. (no hacen)
36. Non te quero, non te quero,
 que tèa a color d' a augua;
 si foras coloradiña
 eu te quixera n-a alma.
37. O ano qu'hai moito liño
 tamén hai a moita aresta, (4)

(1) Especie de toca para recoger el pelo.

(2) *Poña*: ponga. Es un ejemplo de las variaciones en el uso de los modos tomando el infinitivo por el imperativo ó el subjuntivo por el infinitivo, como en el caso actual.

(3) *Tè-n-a*: tiénenla; pero la forma aparente es igual para el singular que para el plural. No es el único caso que presenta el gallego de esta sustitución en equivalencia del plural; como hemos visto al hablar de *quen*, forma común á los dos números; y en el cantar núm. 8 de esta sección.

(4) *Arestas*: aristas de lino. En el cantar *aresta* aparece en singular, pero equivaliendo al plural.

¡os rapaciños d'ahora
chéiran á fero (1) qu'apestan!

38. O ano qu'hai moito liño
tamén hai moita bagaña, (2)
os rapaciños d'ahora
todos che mexan n-a cama.

39. O caravel foi ô río:
foi cerrado e *veu* aberto, (y vino)
ahora xa vou sabendo
qu'o teu cariño n'é certo.

40. O carballo qu' é pequeno
tamén fai pequena sombra;
â rapaza que é bonita
pouquiño dote ll'abonda.

41. O coral é como o ouro (3)
que se pesa n-a balanza,

(1) *Chéiran á fero*: huelen desagradablemente, como á bravío ó montaraz.

(2) *Bagaña*: mala semilla mezclada con el lino.

(3) Parece castellano.

fai com 'unha boa nena
canto pensa tod' o alcanza.

42. O corazón d' as rapazas
eche campana d' igrexa:
¡unhas veces, toca á morto!
outras, repica n-as festas.

43. O meu *damo* é moi pequeno,
eu tamén así o quero;
méto-o n-a manga d' o sayo
trato con él cando quero.

44. O meu *damo* é pequeno,
nunca él tan grande fora;
e' unha vara de burel (1)
fíxenlle sayo e unha gorra.

45. O muíño d' a maquía (2)
bota a fariña en roda,
o fillo d' a muiñeira
ten un andar, que namora.

(1) *Burel*: género de tejido muy ordinario y áspero.

(2) *Maquía* ó *maquila*: cantidad de grano, del mismo que se lleva á moler, dada en pago de la molienda.

46. O que ten a muller fea
grande regalía ten ;
traballa, com' unha negra ,
non ll'a *cobiza* ninguén. (envidia)

47. O que teña muller vella
que non poida traballar
que a poña de *cancela* (cancilla)
para gardal-o lugar.

48. Os casados, valen ouro,
os solteiros, ouro e prata,
os viudos... ¡calderilla
d'aquela que nunca pasa!

49. Os rapaciños d'ahora
eu direi quen eles son :
collen as berzas n-a horta
và-n-as (1) vender ô mesón. (2)

50. Os rapaciños d'ahora
eu direi quen eles son:

(1) *Và-n-as* : las van á.

(2) Mesón de Aranga, partido judicial de Betanzos.

apretados d'a cintura
e largos d'o corazón.

51. Por ahí adiante vai
unha parranda de mozos:
tres tullidos, e tres mancos,
tres tiñosos, tres sarnosos.
52. Tèste ti por boa moza
e por boa comenencia;
*por eso te vas quedando
á la luna de Valencia.* (1)
53. Toda a miña vida anduven
tras d'unha muller mediana;
¡doume Dios unha candonga (2)
que non me cabe n-a cama!
54. Todo-los millores mozos
van indo a servir ô Rei
o refugo que quedóu
¡ten un garbo, que non sei! (3)

(1) Intercalación castellana.

(2) *Candonga*: Abultada y mal hecha.

(3) *Que non sei*: frase corrente en gallego, que equivale á «no hay más allá», lo mismo en lo bueno que en lo malo respectivamente.

55. Vái d'ahí que nada ès
vái d'ahí que n-ès ninguén
doute Dios un barallocas (1)
¡e naide te quere ben!

56. Vaya que traes fachenda
con esas catro guedellas
todo cheo de piollos
que che furan as orellas.

Los números 1, 2 y 3 fueron obtenidos en Vivero, provincia de Lugo. Los 4, 6, 19, 33 y 38 en Abegondo, partido judicial de Betanzos. Los 5, 42 y 52 en la Coruña. Los 7, 8, 28 y 37 en el Ayuntamiento de Aranga, partido judicial de Betanzos. El 9 en Palavea, cerca de la Coruña, y en otros puntos de este partido judicial. El 10 en la Coruña y en Abegondo, partido judicial de Betanzos. El 12 y 17 en Oleiros é Iñás, partido judicial de la Coruña. Los 13, 16, 21, 22, 25, 34, 41, 43, 44 y 45, en el partido judicial de Betanzos. El 18 y 26 en la Coruña y Santiago. El 27 en Cines, partido judicial de Betanzos. El 29 en la Coruña y en Cuíña, partido judicial de Betanzos. El 30 y 32 en Cerbo, provincia de Lugo. El 50 y 56 en Mugar dos, partido judicial de Puente-deume y en otros puntos del de Betanzos. El 51 en Ares, partido judicial de Puente-deume.

(1) *Barallocas*: Charlatán.

DESAIRES

1. Connosco ⁽¹⁾ ti non *virás* (vendrás)
porque che no-está en uso;
¡irás con outras bater,
cariña de garanduxo. ⁽²⁾ (carita)

2. *Déchesm'* un vaso de viño (dísteme)
en señal de matrimonio:
o viño, bebél-o hei;
¡casar contigo non podó!

3. *Déchem' un* ⁽³⁾ bico n-o *queixo* (barba)
en señal de matrimonio,

(1) *Connosco*, forma de ablativo derivada de la pleonástica latina: *cum noviscum*. El castellano antiguo conoció el *connusco* y el *convosco*: de esta voz conserva también el gallego el equivalente *convosco*.

(2) *Garanduxo*, tunante ó galán que anda á la tuna.

(3) Unas veces dicen *décheme* y otras *déchesme*.

pero non caso contigo
¡renegado sea el demonio!

4. Fágoch'a cama n-o río
co'a cabeza n-un toxo;
váí d'ahí, cabeza *moura* (1)
mismo m'estás dando *noxo*. (asco)

5. Non poñas o pè de punta
nin a man n-a miña saya
aunque son filla d'un probe
para ti n-estóu gardada. (2)

6. Non quero d'os teus cariños
nin d'as tuas amistás;
as tuas palabras *doces* (dulces)
para min son falsedás.

7. Para que vès por aquí
á molestarm'a cabeza;

(1) Negra; de turco.

(2) Es parecido á otro que figura en la sección de *Desdenos* del primer tomo.

váite por donde viñeche (1) (vete)
 ¡qu'á min nada m'interesa!

8. *Salgueiro* prende de escallo, (2) (sauce)
 e abeneiro (3) de raís;
 amores que fostes d'outros
 para min non me servís.

9. Trae-lo sombreiro ô torto
 porque eres fillo d'un rico:
 tenja usté (4) moi norabuena
 qu'eu d'usté non necesito.

El número 1 fué obtenido en Cines, partido judicial de Betanzos. Desde el 2 al 9 en Abegondo, del citado partido.

(1) *Viñeche* ó *viñeches*: viniste.

(2) *Escallo*: esqueje.

(3) *Abeneiro* que otros llaman *ameneiro* y *amieiro* equivale á aliso. Al sitio de los *ameneiros* llámanle *amenal*.

(4) *Tenja usté*: es una imitación del castellano para burlarse mejor.

DESCONFIANZA

1. Caravel, moito *arrecendes*; (hueles)
pensaba de te comprar
e sospecho que me vendes.
2. Escribinch' en papel fino
e ti escribesme en estraza;
ou te-l-o diaño, meniña,
ou mal me queres, rapaza.
3. Escribírach' unha carta
si me ti souberas lèr
si m'a das leer á outro
acabóusem' o querer.

Obtidos en Abegondo, parroquia y Ayuntamiento
del partido judicial de Betanzos.

DESDENES

1. Algún día os meus amores
era un gran regalo *o velos* (el verlos)
ahora tanto me dá
amalos como perdelos.

2. Anque teño d'ir e vir
e n-a tua porta parar
n-o lume ⁽¹⁾ d'a tua *lareira* (hogar)
non penso de me *quentar*. (calentar)

3. Miñas ventanas son d'ouro
e as tuas son de prata,

(1) *O lume*, es del género masculino: esta diferencia entre el gallego y el castellano alcanza á otras voces, como *cume*, *costume*, *sangre*, *leite*, etc., que tampoco son femeninas en gallego.

s'o teu (1) corazón non chora
o meu tampouco se mata.

4. Non *m'amornes*, nin me quentes (temples)
que non ch'estóu para *leros*: (agasajos)
déixame, que xa me *rallan* (fastidian)
os teus chistes e saleros. (2)

Los números 1, 3 y 4 fueron obtenidos en Abegondo, del partido judicial de Betanzos. El 2 en Cambre, partido judicial de la Coruña.

(1) *S'o teu*: traducido literalmente equivale á *si el tuyo*.

(2) Este cantar es importante para la confirmación del valor de algunos vocablos gallegos.

DESENGAÑOS

1. Paséi pol-a tua porta
e vin un letreiro posto:
«nin ti eres para min
nin eu para ti tampouco.» (1)

Obtenido en los partidos de Puente deume y Betanzos.

(1) Muy semejante á otro cantar del tomo primero.
Como en gallego hay la voz *teu*, equivalente al posesivo *tu* castellano, y *ti* representa el pronombre castellano *tú*, no hay necesidad de acentuar *ti* en ningún caso cuando se escribe en gallego.

DESEOS

1. Á tua porta briosa
 deseara de morar
 para saber o teu brío
 en qu'ha de *vir* á parar. (venir)

2. N'aquí (1) donde estáo ben vexo
 a altura que ten o mar,
 tamén vexo os meus amores
 e non lles podó falar.

3. ¡Quén te me dera , rapaza ,
 donde tuven outras catro
 sentadiña n-o meu *colo* (regazo)
 y o teu pe n-o meu zapato.

Los números 1 y 2 fueron obtenidos en Abegondo, parroquia del partido judicial de Betanzos.

(1) *N'aquí* : frase notable por nueva. El colector tiene oído: *d'aquí*, que es la más corriente.

DESPEDIDAS

1. A despedida che dou
e non ch'a quixera dar;
¡principio queren as cousas,
á min fáltame *vagar!* (tiempo)
2. Adiós, *Ánxel Barreiro* (1)
e mais a tua muller:
o criado vai n-a tuna
hastra (2) mañán si Dios quer.
3. Adiós, hasta domingo,
hasta domingo n'hai tanto,
estam'o corazón dicindo
que te vou deixar en branco.

(1) Hace 50 años era vecino de Cines y teníasele por buen mozo.

(2) Unas veces dicen *hastra* y otras *hasta*.

4. Adiós, Lugo, adiós, Lugo,
as espaldas vou virando;
ventanas e *miradores* (1)
todas quedan relumbrando.
5. A Coruña (2) ben me quere,
a calle *Real* (3) me chama;
¡nenas de *Santa Lucía*
dícenme que non me vaya!
6. Adiós, parque d'o Ferrol,
dentro me queda unha rosa,
e no-n-a podo ir á ver
qu'está a mar peligrosa.
7. Adiós que che me vou,
adiós que che m'hei d'ir,
págam'a miña soldada
que non te quero servir.

(1) El colector oyó decir *corredores*, pero supone que se habrá querido decir *miradores*.

(2) *Coruña*, capital de la provincia del mismo nombre. Las que hoy se consideran propiamente de Galicia son las de la *Coruña*, *Lugo*, *Orense* y *Pontevedra*.

(3) Dicha calle y el barrio de Santa Lucía citados en esta copla pertenecen á la Coruña. En Santa Lucía habita con preferencia la marinería.

8. Adiós, rapaciña, adiós,
 eu para ti xa non era;
 ¡*unque*, máis altos navíos (aunque)
 navegan con menos vela!
9. Adiós, ríos, adiós, fontes,
 adiós, pedra de lavar;
 adiós, miña queridiña,
que che non ⁽¹⁾ podo falar.
10. Adiós, terriña de *Pravio*, ⁽²⁾
 cantos sospiros me levas:
 si che foran graus ⁽³⁾ de trigo
sementara moitas terras. (sembrara)
11. Agora qu'eu me vou
 quedarás â teu mandado ⁽⁴⁾
 ¡meterás á quen quixeres
 n-o teu *pèito* delicado! (pecho)

(1) Trasposición característica del dialecto.

(2) San Juan de Pravio, partido judicial de la Coruña.

(3) *Si che foran graus*: si fueran granos. El *che* es enclítico muy corriente en gallego, pero en castellano habría que traducirlo por *te*, y no es admisible.

(4) *Quedarás â teu mandado*: quedarás á tus propias órdenes ó con toda independencia.

12. Agora que m'eu hei d'ir
as pedriñas chorarán:
chorái, (1) pedriñas, â noite
que me vou po-l-a mañán.
13. Despedinme d'a igrésia
e máis d'os santos d'adentro;
¡no me despido de ti
nin d'o Santo Sacramento!
14. Despedinme d'a *igrésia* (2)
e tamén d'o campanario;
¡non me despido de ti,
miña Virxe d'o Rosario!
15. Dices que te vas mañán,
eu vóucheme estoutro día;
agarda máis unha noite
iremos en compañía.
16. Ésta vai por despedida
c'un caravel d'arredor:

(1) *Chorai*: otras veces se dice *chorade*.

(2) También se dice *ilesia*, *eirexa*, *eilesia*.

pasóu por aquí o aire
e levoum'o meu amor.

17. Ésta vai por despedida,
hoxe aquí non canto outra,
os señores que m'a oyan
d'hoxe un ano *m'oyan* outra. (me oigan)

18. Eu ahora vóume, vóume,
ahora me quero ir:
págame a miña soldada
que non te quero servir.

19. Vámonos d'aquí qu'é hora,
que son as noites pequenas;
que mañán é día santo,
peinarémol-as guedeñas. (1)

20. ¡Velo ahí vai po-la muralla
velo ahí vai o *mugardés* (2)
vel-ahí che vai embarcado
e-n-ese barquiño inglés! (3)

(1) *Guedeñas*: generalmente se dice *guedellas*.

(2) *Mugardos*, pueblecillo situado en la ría del Ferrol.

(3) Alude al hermoso puerto de la Coruña.

-
21. Vóume por aquí abaixo,
vóume por aquí arriba,
vóume por aquí abaixo
á ganar a miña vida.

Los números 1 á 3, 7, 9, 11 y 13 fueron obtenidos en el partido judicial de Betanzos. El 4 en la Tolda, cerca de Lugo. El 5, 19 y 20 en la Coruña. El 18 y 21 en varios puntos del partido judicial de Betanzos.

DESPRECIOS

1. Ánda, tí, pernas de cabra,
pantorrillas de carneiro;
para contestar connigo
busca fianza primeiro.

2. Aquél que vai por alí,
inda me debe un real;
heille de quitar o coiro,
que a monteira no-n-o val.

3. ¡Dáseme tanto por ti,
como si nunca te vira!
¡encólgate n-un castaño
co-as pernas para riba!

4. Dices que te vas, te vas,
xa te *poideche* ⁽¹⁾ ter ido:
si te foras hai un ano
xa me tiñas *esquencido*. (olvidado)
5. Guapo, que estás n-esa porta,
non penses levar cebada;
que á un burro como eres ti
bástalle roer n-a palla.
6. Moito te precias, rapaza,
d'a gracia que Dios che dou;
por moito que te pasées,
non sallo de donde estáu.
7. Non penses que me *pós* medo (pones)
co-ese teu amenazar;
hei facer o meu antoxo
mais ⁽²⁾ que te vexa rabiñar.
8. Nós, d'acó, e vós, d'aló, ⁽³⁾
somos tantos como vós;

(1) Se dice *poideche*, *pudeche* y también *poideches*.

(2) No se acentúa la *a* de *mais*, en este caso, porque no es adverbio.

(3) *Nós d'acó, e vós d'aló*.—Nosotros de acá y vosotros de allá.

nós comemos os carneiros
e os cornos son para vós.

9. Olvidácheme por probe,
eu á ti por vagamundo;
o dia que ti naceche
cayéu a peste n-o mundo.
10. Trae-la monteira ô lado
coma si foras alguén;
¡inda podías pagar
á quen n-a casa te ten!
11. *Váit' â m... váit' â m...* (véte)
váit' â m... á Cerbás; (1)
que tamén mandéi á ela
á un fato de *laczás*. (holgazanes)

Los números 1, 2 y 4 fueron obtenidos en Santiago de Compostela y en varios puntos del partido judicial de Betanzos. El 3 en Cerbo, provincia de Lugo. El 5 en San Pedro de Nos, partido judicial de la Coruña. El 6 en Aranga, partido judicial de Betanzos. El 7 en Sada y en la Coruña. El 8 á 10 en Abegondo, partido judicial de Betanzos, y en Cambre, del de la Coruña. El 11 en Ares, partido judicial de Puente deume.

(1) Cerca de Ares, provincia de la Coruña.

DIÁLOGOS Y ENCHOYADAS

1. —¿A dónde vas, Mariquiña?
—¿Qué ch' importa á ti, José? (1)
vou â casa d' a tendeira
por catro cartos de té.
2. —*A encarga* (2) que me fixeche
tráyoch'a ben en seguro, (tráígotela)
non me costóu tres pesetas
que costóu un peso duro.
—S' un peso duro costóu

(1) El uso va convirtiendo la *X* en *ƒ*, en algunas palabras como *ƒesús*, *ƒosé*, etc., en las cuales la *ƒ* suena como en castellano. Preferimos esto á que tenga dos modos de pronunciarse. En cambio, como queda dicho, todos los sonidos *ge*, *gi* franceses los expresamos con la *x*, aun en palabras que en su origen tengan *j*: la importancia de las etimologías es menor que la de la sencillez y facilidad de la lectura. El Gallego no es lengua muerta, y tiene que obedecer á la ley del progreso: el Sr. Saco y Arce, conecedor de las lenguas clásicas y de la Filosofía del lenguaje, adoptó en su notable Gramática igual sistema que el que aquí adoptamos. También le vemos aceptado por distinguidos literatos gallegos.

(2) Es propio del dialecto emplear la forma femenina.

meterál-o n' un sombreiro
e, non querendo-o usar,
devolverásll-ô tendeiro.

—¡Ó tendeiro devolve!o!
tivèrao eu por vergonza;
nin eso fixeras ti,
preciada de *boena moza*. (1)

—Boa moza, si Dios quer
e s' o mundo non m' engaña,
de naide che estou suxeta
falo con quen me da a gana.

—A culpa de non ser teu
tívoa miña hirmán Xacoba (túvola)
qu' o día d' o casamento
púxose monteira nova.

—¡Monteira nova se pôr?
¡causárache maravilla!
ahora que vai faltando
o diñeiro de Castilla.

—De Castilla ou d' outro lado,
eso sí, e tès razón,
qu' a gastal-o m' axudache
n-a taberna d' o Torrón.

(1) A veces aparece en los cantares alguna palabra castellana, alterada ó sin alteración.

—Se o gastache no-o gastáras
nin ch'o mandei eu gastar.

De sete damas que tès
con ningunha has de casar.

—De sete damas que teño
pendentes d'a miña boca
ti és a que menos vales
pr'o que sin min non *s'atopa* (se halla).

—Váite d'ahí; cála, ¡noxo! (1)
borrico de Bardabás;
que quéreme, e tràs min anda
d'a terra o millor rapás.

—¡Que te quere, laberquiña! (2)
que te quere ben o oín
eu este letreiro escribo
« non eres tí para min ».

—Como sei ler e escribir
debaixo *pórei* (3) estoutro.
« se para tí non son eu (4)
tí para min xa tampouco. »

—Máis quixera estar durmindo

(1) *Noxo*: asco, pero aquí equivale á asqueroso, manera especial del gallego de aplicar el nombre del efecto á lo que aparece como causa.

(2) *Laberquiña*: ¡alondra querida!

(3) Se dice *pórei* y también *ponderei* y *pondréi*.

(4) *Non son eu*: no soy yo.

cèn noites c'os pès n'a lama
que galán favorecido
ser de tan altiva dama.

—E máis eu estar rozando
n-os toxos un ano enteiro,
que ser dama pretendida
de tan *flaco* cabaleiro. (1) (falso)

3. —¡Ai!, Antón, Antón,
que tuvech'ahí.

—Foi unha pedrada
que me dèche tí.
Foi unha pedrada,
foi un tropezón
ó comerll' o caldo (al comerle)
ô señor Ramón. (2)

4. —Dios te guarde, miña nena,
e a Virxe d' o Pilar
eres tí a primeira dama
que eu veño á visitar.

—Eu non son pano de mäs (3)

(1) De un manuscrito del Sr. D. Marcial Valladares
(2) Ambos del partido judicial de la Coruña.
(3) *Pano de mäs*: paño de manos.

nin escoba de limpar
 ô ser a segunda dama
 que tí ves á visitar.
 A agua non me prestóu
 hasta qu'un burro m'asobióu.

(silbó)

5. — Else pano que che din,
 rapaza, que lle farás,
 que non me costóu un peso
 que costóu trinta reás.

— O meu consello che dou
 que ll' o leves ô tendeiro,
 qu' eu non necesito pano
 pano de tanto diñeiro.

— Ó tendeiro non ll' o levo
 que non é conto de risa
 primeiro ti has de poñer
 cinta negra n-a camisa.

— ¡Cinta negra n-a camisa!
 ni-n-a poño nin-a quero
 que para luto m'abonda
 esta crus que trayo ô cuello.

6. — Nena ¿quéreste casar?

— Non digo que *señas* bon

(seas)

nin teñas falta ningunha;
pro non me quero casar,
que son nena e criatura.

— S'eres nena e criatura
e non te queres casar
dám' unha palabra sola,
que, por ti hei de esperar.

— Non quero que te molestes
nin que me teñas cariño
qu' eu non me quero casar
nin con outro nin contigo.

— Si non te queres casar
nin con outro nin conmigo,
á min paréceme, nena,
¡que pra monxa no naciche!

— Si non nacín para monxa
Dios m' o ha de perdonar
que estouche n-unha ocasión...
non che podo contestar.

El número 1 fué obtenido en varios puntos del partido judicial de Betanzos y en Palavea, próximo á la Coruña. El 2 en Abegondo, partido judicial de Betanzos. El 3 y 4 en Cerbo, partido judicial de Vivero, provincia de Lugo.

DIÁLOGOS DE PULLAS

1. — ¿De quén es?
— Son d' o Xués.
— ¿E que lle fás?
— Lávoll' os pes.
— ¿E dempóis?
— Déito-o n-o forno,
e tápo-o
c' un *barredoiro*. (estropajo)

2. — Dime tí, miña miniña,
dime tí si é que o sabes
si d' a punta d' un corno
podes facer unha chave.
— Esta nena che responde,
anqu' é pouco seu saber:
si eres ti o cornudo
a chave podó facer.

3. EL. — Para alá de Cabanas

âs *catorce semanas* (1)

unha porca trouxo

catorce marranas.

ELLA. — Tres porcos (2)

seis touciños,

doce patas

e tres fociños,

seis orellas

e tres rabos

bícame n-o cu

por moitos anos.

4. — Que co o chifi chaffe

déixate querer

qu' é unha delicia

o terche muller.

— Que c' o chifi chaffe

non deixo de rir,

espadín nin sable

m' acobarda á min.

(1) Período de gestación.

(2) El colector lo ha oído decir muy á prisa y con apariencias de improvisación.

5. Tèste ti por moi sabido
por moi sabido te tès
« á sete ducias de gatos
cóntall'as uñas d'os pes ».
6. —Tí que tès tanta fachenda
contéstame sin reparo,
qu'estimaba de saber:
«as prumas que ten un galo».
—N-esta terr' e en toda terra,
unque sea en Cataluña,
tenche: «as que Dios lle dou
non lle faltando nengunha.»
7. —Unha media e media feita
e outra media por facer
dime tí, meu queridiño,
cantas puntas vên á ter.
—As puntas que vên á ter
prenda d' o meu paladar (1)
as puntas que vên á ter
agora ch' as vou contar.

(1) Esta frase es muy usual.

8. — Veño andando catro leguas
dend' Arteixo á Vilaboa
sólo por ver unha nena
que se chama María Antona.

— Maria Antona non che importa
nin che ten porqu' importar
vólve por onde viñestes
que non te quero escoitar.

9. — Vintecinco sirvilletas
seis reás en cada esquina,
mozo, que te tès por algo,
respóndem' aquí *axiña*.

(presto)

— ¿ Vintecinco sirvilletas,
seis reás en cada punta?
vólve por aquí mañán
qu' ch'hei pagál-a pregunta.

El número 1, 2 y 4 fueron obtenidos en Cerbo y Vivero, provincia de Lugo. El 5 y 9 en San Pedro de Nós, partido judicial de la Coruña. El 6 en Santiago de Compostela y San Juan de Lubre, partido judicial de Betanzos. El 3 en Betanzos, provincia de la Coruña. El 7 en Ares, partido judicial de Puentedeume, en la misma provincia.

DIALOGO DE ANTÓN E MARICA

1. —Sale â ventana, Marica,
si te queres asomar;
esa cariña de rosa
quero volvel-a mirar.

—Márchate d'ahí, Antón,
non me veñas á atentar
que si m'asomo â ventana
ha de ser pra te insultar.

—Heiche axustar unhas contas,
contas eu ch'hei d'axustar,
ven pr'acá, meu quiridiño,
qu'os dous temos que falar.

—Con permiso d'os meus páis
d'a miña señora tía
estimara de saber,
Antón, ti para que viñas. (1)

(1) *Viñas*: venías. Es frecuente el uso del imperfecto, como en este caso, en sustitución del presente.

— A qué veño ben-o sabes
 eu che direi a verdá
 veño por pasar a noite
 que é cousa de mocedá.

— Quiridiño, ben falache;
 quiridiño, ben *dixeche*, (dijiste)
 si non sabes o camiño
 vólve por donde viñeche. (1)

— O camino ben ch' o sei,
 ben o vexo dend' aquí;
 solo quería levar
 unha rosa qu' hai aquí.

— Esta rosa que tí ves
 asomadiña â ventana
 non t' ha de querer á tí,
 porque non lle da a gana.

— A min no m' intresa nada
 mulleres m' han de sobrar
 os amores que me negas
 moitos m' os quixeran dar.

— Márchate que xa non quero
 contigo parrafear (2)

(1) *Viñeche*: viniste. También es común añadir una s á algunas personas del pretérito perfecto de indicativo, cuyo defecto trasciende á la lengua castellana cuando la adoptan gallegos sin ilustración.

(2) *Parrafear*: diálogo amoroso.

que si che canto outras copras
non m'as sabes contestar. (no me las)

—Cála, Mariquiña, cála,
 e non me fagas falar
 si che digo duas copriñas
 logo te fago calar.

—Cara de *cocho* queimado, (cerdo)
 cand'o están á chamuscar:
 ¿quén che dixo, «nube negra»
 que ti á min me fás calar?

—Fágote calar, Marica,
 logo te fago calar
 si che recordo unha cousa...
 ¡ben te podes acordar!

—Xa che dixen que te cales
 que te non quero escoitar:
 con homes desvergonzados
 non quero parrafear.

—Cála, Mariquiña, cála,
 cála, cála, Mariquiña,
 acórdat' aquela noite
 n-aquela corredoiriña.

—Márchate d'ahí *larpeiro*, (goloso)
 non me veñas á ensultar
 nin me digas esas copras
 que non ch'as quero escoitar.

—Anque cantes tod' a noite
anque volvas á cantar
anque m'as digas falando,
por debaixo has de quedar.

—Adiós, cara de conexo,
porque me vou á marchar,
que non quero máis contigo
miña *saliva* (1) gastar.

—Adiós, Marica d'o Campo,
xa que te vas retirar;
pro tamén *che xuro*, nena, (te juro)
que de tí m'hei de vengar.

Fué obtenido cerca de la Coruña.

(1) Generalmente se dice *cuspe* en lugar de *saliva*.

DIAS DE LA SEMANA

1. Adiós, martes d' *Antroido*, (carnaval)
adiós, meu amiguíño,
hasta domingo de Pascua
xa non como máis touciño.
2. —Día de Corpus,
miña comadre,
ándall' o
touporroutou
pol-a calle.
3. Hoxe e luns, mañán é martes,
cuarta feira logo ven, (miércoles)
logo che ven o domingo
pra ver á quen quero ben.

EDADES

1. *Arrenegaches* de moza, (renegaste)
qu'un *bíeo* (1) che quixen dar,
¡quén che dera ahora, vella,
que t'eu *quixera* (2) bicar.

2. Eu caseime con un vello,
¡non sei qu'estaba pensando!
todo o día funga, funga,
todo o día anda fungando. (3)

El número 1 fué obtenido en Sarandones, Ayuntamiento de Carral, provincia de la Coruña.

(1) En otras provincias de Galicia parece que en lugar de *bico* dicen *beixo* como en Portugal.

(2) No distingue el gallego con diferente terminación *quisiera* y *quisiere*.

(3) *Fungando*: refunfuñando.

EDUCACIÓN

1. Comimos nós
comichedes (1) vós
levantemos a mesa
démos gracias á Dios.

Obtenido en Ares, partido judicial de Puente deume, y en Aranga, partido judicial de Betanzos, ambos de la provincia de la Coruña.

(1) Se dice *comichede* y *comichedes*: comísteis.

ENFERMEDADES

1. — ¡Ai!, miña nai, que me morro,
— Miña filla, confesión:
¿as castañas que comiche
de qué castiñeiro son?

2. *Doime a barriga con fame* (duéleme)
e o corazón co-a fraqueza,
e as pernas me *trimbillican*, (tiemblan)
tamén me doi a cabeza.

3. Usté qué ten ¿qué lle doi?
á usté ¿qué lle doi? ¿qué ten?:
usté ten a muller mala
¡usté ten-a; y eu tamén!

4. ¿Vusté qué ten? ¿qué lle doi? (1)
 ¿vusté qué lle doi? ¿qué ten?
 ¡ai, vusté, troulóu (2), troulóu
 vusté (3) troulóu con alguén!

El número 1 es conocido en muchas localidades de la provincia de la Coruña y también fuera de ella. El 2 fué obtenido en Aranga, Ayuntamiento de la provincia de la Coruña. Los 3 y 4 fueron obtenidos en Cerbo y Vivero, provincia de Lugo.

(1) ¿*Qué lle doi?* ¿Qué le duele?

(2) *Troulóu*: estuvo de jaleo. El colector es el primero en reconocer que no está en su verdadero lugar alguno de los cantares de esta sección. Igual confesión hace respecto de algún otro del presente *Cancionero*.

(3) Generalmente se dice *vusté* ó *vustede*: el *usté* es debido á la influencia del castellano.

FANFARRONADAS (1)

1. En esta calle hai un guapo
que salla que 'o quero ver
qu' o sangue de quen ben sei (2)
heillo de facer beber.

(1) El distinguido literato Milá y Fontanals, en su estudio sobre la poesía popular gallega, afirmó que no había cantares de fanfarronadas y valentones, y aun puso en duda la legitimidad de origen de uno que hemos oído y copiado; pero los que figuran en cada uno de los tres tomos con los cuales se inicia el presente *Cancionero*, hacen sospechar que la condición de los hijos de Galicia no es tan mansa como á primera vista parece. La estadística nos enseña también que cada año aumenta en esta región el número de atentados contra las personas.

(2) Queda dicho en el tomo I, pág. 57, que el adverbio *ben* se junta con verbos, como *ben sei* de este cantar; con adjetivos, como *elle ben alto*; con sustantivos y pronombres, en igual acepción de *muy* ó *bastante*, etc. Ya que citamos el ejemplo *elle ben alto*, creemos del caso explicar la influencia de esta forma gallega en el lenguaje castellano regional de las personas menos ilustradas, que, con frecuencia, dicen: *le es muy bueno*; *le me costó un duro*, *le es bien bonito*, etc.

2. Esta noite ha d'haber paus,
 esta noite ha d'haber *¡leña!* (1)
 esta noite hei d'estrenar
 o pau d'a miña cardeña. (2)
3. Eu son home para dous
 e meu curmán non é menos:
 sállan catro para dous
 que n-o campo nos veremos.
4. Nós d'acá e vós d'alá,
 á vós non vos temos medo;
 mentras que non ven o día,
 «cada un n-o seu tarréo.»
5. Tèl-o *pESCOZO* de ferro (pescuezo)
mouro com'o d'unha besta (negro)
 de ningunha vez venceche
 nin tampouco ha de ser d'ésta.

(1) Esta voz se usa á veces en sentido de interjección.

(2) *Cardaña*: palo largo con una pequena hoz.

-
6. Voume por aquí abaixo
ô sôn d'a auga que corre
por causa d'unha rapaza
¡hóubeu de matar un home!

El número 3 fué obtenido en Cerbo, provincia de Lugo. Los 4 y 6 en Oleiros y Cambre, partido judicial de la Coruña. El 5 en Anceis, parroquia del mismo partido.

GEOGRÁFICAS

1. A aldea de *Mosteirón* ⁽¹⁾
de lonxe parece vila,
ten unha rosa n-a entrada
un caravel n-a salida.

2. A aldea de *Palavea* ⁽²⁾
aldea de moita lama;
que se dan as nenas n-ela
com 'o *salgueiro* n-a braña. (sauce)

3. ⁽³⁾ A aldea de *Palavea*
de lonxe parece vila,

(1) Ayuntamiento de Sada, partido judicial de Betanzos.

(2) Parroquia de Elviña, próxima á la Coruña.

(3) Hay varios cantares iguales, con la sola variación del nombre del lugar, que se suprimen: se ponen aquí los que ofrecen más variación. En el presente se afirman dos circunstancias que efectivamente tiene el lugar de Palavea.

ten corredoiira n-a entrada
e un souto sin salida.

4. A calle de *Sarandones* (1)

paséin-a de madrugada
topéi un anillo d'ouro
n-unha mazán colorada.

5. A costa de Viadeiro

chàmanlle «*pásaa con día*»
¡o que a pasa pol-a noite
necesita compañía!

6. A luna vai encuberta

c'un pano de *morsolina* (muselina)
¡tamén as de *Castramonde* (2)
se tapan co-a mantilla!

7. Amores teño n'a Habana

amores teño en *Gijón* (3)

(1) Ayuntamiento de Carral, partido judicial de la Coruña.

(2) *Castramonde*, lugar de la parroquia de San Julián de Piñeiro, Ayuntamiento de Chapa, provincia de Pontevedra.

(3) Pronúnciese como en castellano.

pr'o que me rouban a y-alma
os de *San Ciprián* (1) son.

8. Antoniño, si te foras
po-las *penas de Lieira* (2)
mira che non leve o aire
as *colonias* d'o sombreiro. (cintas)

9. Aquí teño dous reás,
aquí teño dous e medio,
aquí teño a fantesía
d'os rapaces de *San Pedro*. (3)

10. Aquí teño unha peseta,
aquí teño dous reás,
aquí teño a fantesía
d'os rapaciños d' *Iñás*. (4)

11. As mociñas de *Laraño* (5)
cando van para casar

(1) Puerto al N. de Galicia, provincia de Lugo.

(2) Hacia Vivero deben existir dichos peñascos.

(3) San Pedro de Nós, partido judicial de la Coruña.

(4) Limítrofe á Nós, ambas muy pintorescas: pertenecen al partido judicial de la Coruña.

(5) A las inmediaciones de Santiago de Compostela, en la carretera de Noya.

levan o pan escondido
para comel-o n-o altar.

12. As *muchachiñas* (1) d'o Burgo

vivan elas, vivan elas;
que n'as hai que mellor canten
debaixo d'estas estrelas.

13. As rapaciñas d'o Burgo

teñen moita fantesía:
¡con panos d'a cinco duros
e co-a barriga vacía!

14. (2) As veciñas de Laíño

eu diréi quen elas son
collen *ô pai* po-las barbas: (al padre)
« ánda para aquí *castrón* ». (chivo)

15. Á subila, á baixala,
a costa d'a *Prexurada* (3)

(1) El colector debe muchas de sus coplas á dichas cantadoras.

(2) Hay varias coplas casi iguales obtenidas en Boiro y Rianjo, así como en Betanzos, la variación es en el primer verso ó en el nombre del lugar.

(3) En Cerbo, provincia de Lugo.

á subila, á baixala,
perdín a miña navalla.

16. Á subila, á baixala,
a costa de Rivadeu,
á subila, á baixala
¡perdín o que n-era meu!

17. Bota leña n-ese lar
que quero quentar as pernas
que n-a aldea de *Monelos* (1)
hai vintecinco tabernas.

18. Catro calles tenche Lugo
que as fixo o criador
barrio Falcón, Tenería
Ruanova, call-d'o sol. (2)

19. Cómo chove miudiño
cómo miudiño chove

(1) Lugar de la parroquia de Santa María de Oza, inmediato á la Coruña.

(2) Así la cantaba una muchacha de Cerbo, cerca de Vivero.

pol-a banda de Laíño
pol-a banda de Lestrove. (1)

20. Ehí veñen os d'a *Mariña* (2)

ehí veñen os mariñáns,
ehí veñen os d'a Mariña
co-as cardeñas n-as mans.

21. En *Oleiros* (3) non hai rosas,

que secaron as roseiras,
n-o Burgo sí que as hai
¡vivan as mozas solteiras!

22. En Padrón hai boas nenas,

e por Santiago, a flor d'elas,
n-a Coruña, as coruñesas,
en Betanzos, as garelas.

23. En *Redes* hai boas nenas,

en *Ares*, a flor de elas,

(1) Este cantar aparece bellamente glosado por la ilustre cantora de Galicia, Rosalía Castro de Murguía en su obra titulada «Cantares gallegos».

(2) Comarcas próximas al mar en la parte de Betanzos y aun de Puentedeume y Coruña.

(3) Ayuntamiento de los más próximos á la Coruña.

en *Mugardos*, ⁽¹⁾ recugallo ⁽²⁾
 ¡non hai quen case con elas!

24. Esta aldeíña de Cambre
 moito viva que-n-a honra,
 de mañá, por antr'o souto,
 en busca d'a boa sombra.

25. Esta aldea de *Senra* ⁽³⁾
 de lonxe parece vila,
 en San Pedro ten a entrada
 e a Caridá n-a salida.

26. Esta aldea de *Senra*
 rodeada de pereiras,
 tamén está rodeada
 de rapaciñas solteiras.

27. Esta aldea de *Senra*
 rodeada de *caxigos*, (olmos)

(1) Tres puertos del partido de Puentedeume, provincia de la Coruña.

(2) *Recugallo*: resto despreciable; también se dice *refugallo*.

(3) En Cerbo, provincia de Lugo.

tamén está rodeada
de rapaciños bonitos.

28. Eu be-n-a vira n-a feira
eu be-n-a vira feirar,
unha nena muradana (1)
que vive n-a veira mar.
29. *Fábrica de Sargadelos* (2)
no-n-a pasean chavales,
que a pasean os *mozos* (3)
de cuchillos e puñales.
30. *Fábrica de Sargadelos*
quén te ha de pasear:
un muchachiño *andalús* (4)
de noite po-lo lunar.

(1) *Muradanas*, hijas de la villa de Muros, puertecillo de la parte Mediodía de la provincia de la Coruña. Se las tiene por buenas mozas y por aficionadas á vestir con cierta elegancia.

(2) Ha sido notable por sus productos de loza y fundición de hierro. Al N. de la provincia de Lugo.

(3) Operarios procedentes de fuera de Galicia.

(4) Tenía algunos operarios de otras provincias y costumbres.

31. Mariñeiro d'agua dulce
 e tamén d'agua salada
 lévame á Porto Rico
 e de Porto Rico â Habana.
32. Meu señor *San Andresiño*, (1)
 qu'está dereito n-a porta:
 sonlle d'o *Porto* (2) d'arriba
 donde cantan as *gabeotas*. (3)
33. Moito viva Palavea,
 ela e mai-lo meu refaixo,
 moito viva Palavea
 d'o cruceiro para baixo.
34. Moito viva Palavea,
 moito Palavea viva,
 moito viva Palavea
 d'o cruceiro para riba.

(1) De Tejido, cerca del cabo Ortegál, santuario muy visitado por aldeanos de toda Galicia.

(2) Alude al puerto de San Ciprián; N. de la provincia de Lugo.

(3) En otras partes dicen *gaibotas*.

35. Mondego todo é rigor
 Mosteirón o Purgatorio
 acolá en riba en *Meirás* (1)
 non para o mesmo demonio.
36. Negriña de *Mourería*, (Africa)
 viñeche connigo â *Habana*, (2)
 ¡te viñech'atrás de min
 anque non ganaches nadal
37. Nenas d'a *Ponte San Payo*, (3)
 poucas son e menos sean,
 colgár-as n-o campanario
 po-lo ben que me desean.
38. N-o *Castro* hay as boas mozas
 en *Elviña* rechalengas
 en *Palavea*, ¡la flor!
 en Betanzos as *garelas*. (4)

(1) Tiene un molino de viento, y es del Ayuntamiento de Sada, partido judicial de Betanzos.

(2) En los antiguos barcos negreros.

(3) Provincia de Pontevedra; de histórico recuerdo en la guerra de la Independencia.

(4) Los tres lugares primeros son de la parroquia de San Vicente de Elviña, donde cayó herido el general inglés Moore: sus cenizas se conservan en un mausoleo de la Coruña.

El sitio llamado del Castro tiene la figura correspondiente á

39. Non te cases en *Cariño* (1)
 que é terra de moita aréa,
 qu'os tres días de casada
 irás ô monte por leña.
40. N'o *Portazgo* (2) hai boas nenas,
 en Palavea a flor d'elas,
 en *Conduzo* (3) hai as bicudas (4)
 e en Vilaboa as garelas.
41. O cura de *San Román* (5)
 non ten camisa lavada;
 o señor cura de Cerbo
 ¡vintecinco n-a colada!
42. Os de Noya son borrachos,
 os de Muros aloqueiros,

ese nombre. El apodo de *garelas* que algunos creen aplicable sólo á las hijas de Betanzos, es genérico, como se comprueba en alguna otra copla, y significa: *mujer descarada y atrevida*.

(1) Puertecillo de la provincia de la Coruña.

(2) Confluencia de las carreteras de Vigo y Lugo, cerca de la Coruña.

(3) Lugar de la parroquia de Rutis, partido judicial de la Coruña.

(4) *Bicudas*: de labios prominentes.

(5) De Vilestrofe, Ayuntamiento de Cerbo, provincia de Lugo.

os de Fisterra son mouros,
e os d'o Son son bucheiros. (1)

43. Os d'o baile bailan ben
e os d'o areal tamén,
pero os de *Fonsagrado*n (2)
bailan ô saltaricón.

44. (3) Os mociños de *Santaya* (4)
ben che sei quen eles son,
collen seu pai pol-as barbas
«ánda para aquí Castrón».

45. Para cantar, *Bergantiños*, (5)
para bailar, mariñáns,
para cortejar as nenas
que vivan os *couteláns*. (6)

(1) *Muros* y *Noya*, puertecillos de la parte meridional de la provincia de la Coruña. *Finisterre*, al Noroeste de Galicia. El *Son* otro puertecillo no distante de *Noya*.

(2) Aldea cerca de *Fonsagrada*, provincia de Lugo.

(3) Es casi igual á otra de esta sección.

(4) Santa Eulalia de Lians, parroquia del Ayuntamiento de Oleiros, Coruña. *Santaya* es un abreviado de Santa Eulalia.

(5) Distrito feraz de Carballo, provincia de la Coruña.

(6) Asillaman á los habitantes del coto (couto) de Pala-vea, cerca de la Coruña; y *perilláns* á los de enfrente, del otro lado de la ría del *Pasaje*, parroquia de *Perillo*.

46. Para pan de trigo *Caldas* (1)
 para *molete*, (2) Padrón,
 para nenas que dan xenio,
 as de San Pantaleón.
47. Para parrochas, (3) en *Redes*,
 para sardiñas, en *Ares*,
 para pulpos, en *Mugardos*, (4)
 e n-a *Graña* (5) calamares.
48. Para pescados, Cayón,
 para moletes, *Cerceda*, (6)
 para mozos arrogantes,
 a parroquia de *Loureda*. (7)
49. Paséi por *Rio de Quintas* (8)
 caladiño com'un rato

(1) Establecimiento de baños minerales entre Pontevedra y Padrón.

(2) Panes altos de dos á seis libras de peso; llevan una perilla ó *teto*.

(3) *Parrochas*: sardinas pequeñas.

(4) Tres puertecillos próximos en el partido judicial de Puente deume, provincia de la Coruña.

(5) Cerca de Ferrol.

(6) En el distrito de Órdenes, provincia de la Coruña.

(7) Parroquia del Ayuntamiento de Arteijo, en la carretera de Carballo á la Coruña.

(8) Parroquia de Elviña en la carretera de la Coruña á Santiago, á 6 kilómetros de la Coruña.

para que non me pegasen
as neniñas d'o Portazgo.

50. Pasei por *Santa Lucía* ⁽¹⁾
e montéi n-o trenvía
e vin a *estación*: (del ferrocarril)
dei a volta ô relleno
e estaba *Calero* ⁽²⁾
de moito bastón.

51. Porto de San Ciprián
de lonxe parece vila,
en chegando á xunto dél
cheira com'unha morriña.

52. Porto de San Ciprián,
qué bonito vas á ser
co-a carreteira nova
e o muelle que van facer.

53. ¡*Santa Marta de Ortigueira*, ⁽³⁾

(1) Arrabal de la ciudad de la Coruña.

(2) Personaje contemporáneo, indiscreto y galanteador de las cigarreras.

(3) Iglesia parroquial de mérito arqueológico, en el distrito de Cambre, próximo á la Coruña.

a muller que come a nata
non ten suerte co-a manteiga!

54. ¡Santa Marta! vila farta,
¡vila de Viveiro, alegre!
¿non virá un ventíño Norte
que pra Viveiro me leve?

55. Sete e sete son catorce,
oito e oito dazaseis:
vivan os mozos de *Cambre*
coma tamén os de *Ancéis*. (1)

56. Tocan o pandeiro en *Vares* (2)
e as *furriñas* (3) n-o *Barqueiro*, (4)
e as nenas que o tocan
sonche d'o val de *Viveiro*. (5)

57. Toca Orto, viva Orto, (6)

(1) Ambas parroquias distan poco de la Coruña.

(2) Cabo, al Norte de la provincia de la Coruña.

(3) Sonajas de hojadelata colocadas en el aro de las panderas.

(4) *El Barqueiro*, punto inmediato al anterior.

(5) Puntos, los tres citados, de la provincia de Lugo.

(6) Cerca de Cambre.

Santa María de Cambre, (1)

todos os homes pequenos

tèñen a barriga grande.

58. Unha vèlla de *Montrove* (2)

dixo á outra de *Morás*: (3)

que tiña os callos ¿n'os pès?

como o ferreiro n-as màs.

59. Unha vèlla de *Mellide* (Mellid)

dixo a outra de *Furelos*: (4)

facía mais co-as *enxibas* (encías)

qu'o ferreiro c'os martelos.

60. Unha vèlla de *Perillo* (5)

dixo á outra de *Monelos*

(1) Iglesia parroquial de mérito arqueolóxico, á 12 kilómetros de la Coruña. En el cantar núm. 57 se adelantó equivocadamente esta nota atribuyéndola á *Santa María de Ortigueira*, cabeza de partido judicial en el extremo Nordeste de la provincia de la Coruña.

(2) Del distrito de Oleiros, en el partido judicial de la Coruña.

(3) Parroquia próxima á *Arteijo*, del partido judicial de la Coruña.

(4) Pertenece éste y Mellid al partido judicial de Arzúa, provincia de la Coruña.

(5) Parroquia del Ayuntamiento de Oleiros, provincia de la Coruña.

que lle fixera de gracia
de lle dar con uns martelos.

61. Vilaboa ten a sona,
Vilaboa a sona ten,
Vilaboa ten a sona
de comer e beber ben.
62. *Villalba*, corral de vacas,
Vilanova, de cabritos,
Mondoñedo, de embusteros,
¡qué tres pueblos tan bonitos! (1)
63. Viva-as *Medias* (2) viva-as *Medias*
y os rapaciños solteiros;
as rapazas dicen elas
¡viva a flor d'os mariñeiros!
64. ¡Que viva! a xente d'o *Lago* (3)
¡que viva! a xente *Lagueña*

(1) Los tres pertenecen á la provincia de Lugo.

(2) Cerbo, en la provincia de Lugo.

(3) Lugar de las inmediaciones de Ares, partido judicial de Puentedeume.

¡que viva a xente d'o Lago
que sabe roubar a leña!

65. Viva Lugo por que tèn
unha muralla famosa,
un consistorio bonito
y unha catredal hermosa.
66. Viva Lugo, viva Lugo,
as *murallas d'arredor*, (1)
viva a mellor panadeira
que pon n-a plaza Mayor.
67. Viva Pravia, viva Pravia,
viva Pravia e *Montserrat*, (2)
para cantar e bailar
vivan os de Santa Marta.
68. Xa ves ti si corrín terras
que estando en Santa Lucía

(1) Murallas romanas bastante bien conservadas; por encima de las mismas hay un bonito paseo alrededor de toda la ciudad.

(2) Cerca de Vivero, provincia de Lugo.

entrei por *porta d'abaixo*

salín por *porta d'arriba*. (1)

El número 1 fué obtenido en Sada, partido judicial de Betanzos. El 2, 3 y 49 en Elviña, próximo á la Coruña. El 4 en Sarandones, ayuntamiento de Carral, partido judicial de la Coruña. El 4, 5, 20 y 59 en Abegondo, partido judicial de Betanzos. El 5, 7 y 18 en Lugo. El 7, 14, 15, 16, 29, 30, 32, 53, 54, 56 y 67 en Vivero (patria del renombrado Pastor Diaz) provincia de Lugo. El 9, 12, 17, 33, 34, 35, 38, 40, 44, 56 y 60 en Elviña y Burgo, partido judicial de la Coruña. El 8, 15, 25, 26, 27, 41, 43, 51 y 52 en Cerbo, provincia de Lugo. El 6, 9 y 13 en Iñas y el Burgo, partido judicial de la Coruña. El 19 en Padrón. El 23, 39 y 47 en Ares y Ferrol. El 22, 42 y 46, en Rianjo y Boiro, pueblecillos de la muy bella Ría de Arosa. El 31, 36 y 50 en la Coruña. El 44 en Iñas, partido judicial de la Coruña.

(1) Ambas puertas desaparecieron con el derribo de las murallas que existían no hace muchos años en la parte de tierra de la ciudad de la Coruña.

GRACIOSAS

1. ¡Ai! salero de á peseta,
 ¡ai! salero de á real,
 salero de vint'e un carto,
 salero, salero, sal.

2. Alabado sea Dios,
 que xa veu a barateza,
 os homes á catro cartos
 as mulleres á peseta.

3. Alá riba, non sei donde,
 encontréi non sei con quén;
 â porta de, xa me esquece (1)
 non me podó acordar ben.

(1) *Xa me esquece* : ya se me olvida.

4. Algún día quixen Pepa,
 agora quero Marica;
 agora quérot' á ti,
 ¡sarna con gusto non pica!
5. A miña muller è vèlla,
 de vèlla non quèr calar,
 hei facer unha cancela
 pra cerral-a n-o lugar.
6. A muller que capa ôs homes
 vive n-o campo de Noya,
víde homes, *fuixí* (1) homes,
 qu' ahí vos *vèn* (2) a capadora.
7. Anque paso e non che falo
 non deixo de te querer;

(1) En gallego se dice *fuixí* y *fuixide*. También es frecuente que esta segunda persona del imperativo de los verbos se sustituya por el infinitivo: á tal costumbre debemos atribuir que en castellano se diga por algunos «*andar*, niños, *venir* pronto,» debiendo decir: *andad*, *venid*.

(2) *Vos vèn*, os viene, y á veces *vènvos*. La influencia de la forma *vos* es notoria en el lenguaje de las personas procedentes del campo, las cuales al hacer sus primeros ensayos en el castellano dicen, por ejemplo: «á dónde vos trajeron» «¿queréis que vos lo lleve yo?»

fágoch' o, miña vidiña, (hágo)lo
por no-n-o dar á entender.

8. Á pasar po-la *Marola* (1)
púxenm' á *aferrar* (2) o foque
e acordáronsem' as papas
qu' están fervendo n-o pote.

9. A pedir vou un favor,
á pedir que m' han de dar,
escóitame, miña rosa,
que ¡che quero perguntar!

10. A perdís por antr' os toxos
de todas las herbas come;
o cariño d' unha moza
mantén tres días á un home.

11. A perdís anda n-o monte,
sempr' atopa que comer;

(1) Peñasco ó islote entre las bahías de la Coruña y Ferrol y á donde confluyen las aguas de la ría de Betanzos, produciendo continua marejada.

(2) Atar la velita delantera del barco.

¡eu son o que nunca atopo
o que *teño* menester! (tengo)

12. A primeira vez que volvas
non veñas aquí á bater;
xa me cheiran montañeses
xa me cheira o seu querer.

13. As barandiñas d' a ponte
tremban ô verme pasar; (tiemblan)
¡non sei por qué tremban tanto!
¡inda empezo hoxe á pasar!

14. A unha vèlla moi *ben* (1) vèlla
díxoll' ún (2) que si o quería;
logo qu' a vèlla entendeu
¡ríase que se partía!

15. A virxe de Pastoriza
tèn unha galiña branca,
que cando lle botan millo
para de comer e canta.

(1) Se explicou ya el uso de la palabra *ben* en gallego, no traducible en castellano en varios casos.

(2) Forma neutra.

16. *Caláde*, mozas solteiras,
caláde, non ⁽¹⁾ *teñás* pena, (tengáis)
 que vén un barco de mozos
 á dous cartos a docena.
17. Camiño de Santiago,
 camiño *fuliadeiro*; ⁽²⁾
 déronll'á meu hirmau ⁽³⁾
 á beber por un sombreiro.
18. Cando o *Antroido* morreu (Carnaval)
 leváron-o á enterrar,
 botáronlle pouca terra
 volvéu á resucitar.
19. Cánto me choscas ô torto ⁽⁴⁾
 cánto miras para min;
 váite d'ahí, demo mouro,
 para tí non che nacín.

(1) *Caláde* y *calávos* son formas del imperativo, que significan callad.

Calávos se dice otras veces, y algunas *calarvos*; por ejemplo: «*calarvos, que vai viv o xefe: ídevos à casa.*» En castellano debe decirse: *callaos, ídos à casa*. Y por cierto que no se ha corregido del todo la costumbre de algunos gallegos que al usar el imperativo castellano dicen: *esconderos, íros*, etc.

(2) De muchas *foliadas* ó fiestas.

(3) Se dice *hirman* y también *hirmán*.

(4) *Choscas ô torto*: guiñas mirando de reojo.

20. Catorce botes d' o *Seixo* (1)
 pasaron a *porta-nova* (Ferrol)
 en busca d' un gato negro
 que foi morrer â Marola.
21. Cobre, quén vende,
 metal, estaño,
 caldeiros rotos,
 potes furados.
22. Chamácheme pouca roupa,
 ¡ *si a tès è teu proveito!* (2)
 ¡ teño menos que quitar
 de noite cando me *deito!* (acuesto)
23. Dend' a casa de meu pai
 vexo a casa de meu sogro;
hach' o (3) de ser, quiridiña,
hach' o de ser si non morro.

(1) Entre Puentedeume y Ferrol.

(2) Si la tienes, el provecho es tuyo.

(3) En castellano la forma intransitiva de algunos verbos se lastima con el uso indebido de las palabras equivalentes á las enclíticas *che, lle, ll'o*, formas cariñosas del gallego que la energía de la lengua castellana no consiente. Así, pues, frases como « *Non che hai, meu filliño : non lle podo ; funlle con Marica,* » se debe procurar no traducirlas : « No *te* hay, hijo mío ; no *te* puedo ; *le* fui con María, » defecto no corregido del todo en bastantes hijos de Galicia.

24. Dinme que non teño rentas
para manter a muller,
birbirichos d' o *Pasaxe* (1)
que coma cantos quixer.
25. É o viño cousa santa
que se da n-a cepa torta,
á uns priv-os d' o sentido
y outros fociñan n-a porta.
26. *Eu vin* unha casa arder (yo ví)
un cego estaba mirando,
un mudo chamando xente,
un coxo ágoa carretando.
27. Funme por alí arriba,
volvín por aquí abaixo,
por ver d' unha rianxeira (2)
o relocir d' o refaixo.
28. Fun pol-a noite ô muíño,
por ver a fariña branca,

(1) Arenal situado á la entrada de la ría del Burgo, en la bahía de la Coruña.

(2) *Rianxeiras*: las de Rianjo, puerto de la ría de Arosa.

qu' o que rompo de zapatos
tamén o *aforrei* de mantas. (economicé)

29. Fun unha noite ô muíño
fixen un pouco de bolo
púxen-o n-o tremiñado (1)
rilláronm' os ratos todo. (2)

30. Heiche de contar un conto,
un conto d' unha navalla;
que, eu a perdín aberta
e logo a atopéi cerrada.

31. Indo para Santiago
n-a *ponte de Sigüeiro* (3)
chameill' á un vello meu sogro
¡e saleume verdadeiro!

32. Mañá pol-a mañá cedo (temprano)
hei de tomar chicolate;

(1) Púselo en la harina que cae en el suelo.

(2) Royéronlo los ratones. Este cantar y los números 34 y 65 fueron recogidos en Laje por mi amigo el ilustre poeta gallego Eduardo Pondal.

(3) A dos leguas de Santiago, en la carretera que le separa de la Coruña.

qu' estiven c' unha rapaza
e o corazón se me bate.

33. Marica, se teu pai quere,
Marica, teu pai querendo,
serei o teu ceruxano
d' o mal qu' estás padecendo.

34. Miniña, se che pesóu
pol-os bicos que me deches, (1)
ti darásm' os que ch' eu dei,
eu, dareich' os que me deche.

35. Miña nai tèn unto vello
d' un cocho que ha de matar
tamén ten berzas n-a horta
d' as coles qu' ha de prantar.

36. *Moitos* me rondan a porta,
algún (2) me ha de querer,

(1) *Deches*: la s final de las segundas personas del singular trasciende indebidamente al castellano hablado por algunos gallegos, que dicen, por ejemplo: *comistes*.

(2) *Moitos*, *algún*, artículos indeterminados.

nadia (1) diga que non pode;
¡si non pode, ha de poder!

37. N-a calle Real d'a Cruña
roubaron un cobertor;
iba dicindo o ladrón
ojallá (2) fora millor.

38. Nada me vale unha rosa,
de nada *serve* (3) un cravel;
¡algo lle tès ti que dar
ô teu amigo Manoel!

39. Nena que t' estás *peiteando* (peinando)
debaixo d'esa figueira,
dame par' acó un figuño
dam' o n-o medio d'a eira.

40. Non te cases sin miralo,
rapaces haiche ben d' eles;
todiños valen ben pouco
¡sonche mellor as mulleres!

(1) Pronombre negativo.

(2) *Ojallá*: generalmente dicen *ogallá*.

(3) Se dice *serve* y también *sirve*.

41. O can, o can,
e mail-a cadela,
roéull'as (1) enágoas
â seña Manoela.
42. O carro anda pol-o monte
e o arado po-la eira,
o *cainzo* anda gradando (cañizo)
co-as vacas n-a tua *leira*. (2)
43. O corazón d'unha pulgã
si o souberan guisar
daba almorzo para catro,
merenda, cea e xantar.
44. O muíño treina, treina, (3)
a auga faino treinar;
chégom'á ti, quiridiña,
que conmigo has de casar.

(1) *Roeull'as* en lugar de *roévonll'as*, por la tendencia del gallego á sustituir el plural por el singular.

(2) Pedazo de tierra dedicada ordinariamente al cultivo de cereales.

(3) *Treina*, voz onomatopeica que recuerda el ruido de los molinos del país.

49. Os rapaces de *Trasvar* (1)
 son poucos e requeimados;
 valen á tres ichaviños
 como os chichárros (2) dañados.
50. Para domingo que vén
 hei d' arar a miña roza (3)
 rego abaixo, rego arriba: (4)
 vénte, branca; vólve, roxa.
51. Paséi po-la tua porta
 botéi man â pechadura,
 doum ' unha pulga unha couce
 botoume n-a sepultura.
52. Paséi po-la tua porta
 e vin qu' estabas facendo
 as papas n-unha sartén:
 ¡ésta è muller de goberno!

(1) En Cerbo, provincia de Lugo.

(2) *Chichárros*; *jureles*: peces.

(3) *Roza*: el terreno del cual se cortó la leña menor para destinarlo después al cultivo.

(4) *Rego arriba*: = surco arriba.

53. Po-la chaminea
vai unha gabiota,
e n-o bico leva
a chave d'porta.
54. Po-la mar abaixo
vai unha tixela (1)
chea de chourizos (llena)
¡quén me dera n-ela!
55. Por moito que digas, digas,
miña cuñadiña nova,
por moito que digas, digas,
tua nai è miña sogra.
56. Quén che dixo, quén che dixo
qu'eu lavaba ô pè d'o río;
seica (2) m' *oiche* cantar (oíste)
¡e ves á correl-o frío!
57. ¡Quén me dera un pan d' á carto!
¡por Dios! m'o dea ou m'o venda,

(1) *Tixela*: sartén, en Cerbo, provincia de Lugo.

(2) El adverbio gallego *seica* tiene en castellano varias acepciones: *seica non vén: creo que no viene* (duda). *Seica che teño qu'ir: por lo visto tengo que ir*. *Seica te adivirtes: parece que quieres divertirte conmigo*.

que teño sete rapaces
citados á unha merenda.

58. Quén me quer comprar que vendo
amores que xa olvidéi;
ô que me dea un real
vintecinco lle daréi.
59. Quén te me dera n-a hucha
co a chave n-a faltriqueira,
que t'había de coller
como o rato n-a *rateira*. (ratonera)
60. Rebuldéi e rebuldéi
¡vou boa de *rebuldar!* (retozar)
por causa d' as rebuldainas
¡aquí non podo quedar!
61. Se canto son unha *tola*, (loca)
si non canto unha *curuxa*, (lechuza)
se me lavo son profana,
se non me lavo unha sucia.
62. — Señora Santa Ana,
déam' un marido,

qu' este que teño
non dorme connigo.

— Señora Santa Ana,
dígalle que mente,
que durmo con ela
e ela no-me sente.

63. Se ti viras o qu' eu vin (1)
fuxiras como eu fuxín
unha cabra c' unha roca (rueca)
un castrón c' un {espadín.
 {violín.

64. Sirvir ô Rei, quiridiña,
sirvir ô Rei è regalo;
¡non quero servir ô Rei
nin d' á pè nin d' á cabalo!

(1) El gallego y el portugués, á semejanza del latín, carecen de los tiempos compuestos de el auxiliar y verbo que se conjuga. Como en gallego se usa sólo la forma del simple para ambos casos, se hace difícil á los hijos del país la debida aplicación de ambos pretéritos.

En castellano no se puede decir: «¿probaste ya todos estos vinos?», aunque en gallego sea corriente decir: «¿*probache xa todos estes viños?*» Por el mismo motivo el *vin* y el *fuxín* del cantar número 63 igualmente se aplican á *vi* y *huí* que á *he visto*, *he huído*.

65. Son de Laxe, son de *Laxe*
teño os amores en *Corme* ⁽¹⁾
o que ten amores lonxe
non sei como sono dorme.
66. Téñoche un pano n-a hucha
pano d'os catro colores,
d'a espranza, d'a vinganza,
d'os celos, e d'os amores.
67. Teño gana de beber,
Manoel, tràim' a *cabaza* (calabaza)
¡sonche d' esta condición!
¡bebendo, logo me pasa!
68. Teño una lancha, unhas redes,
sardiña abondo n-o mar,
e unha nena moi garrida
¡pra qu'hei de traballar!
69. Tou, tou, para baixo
tou, tou para riba,

(1) Laje y Corme, puertos de la costa N. de la Coruña, muy próximos entre sí.

alá vai a casa
d'a tía María.

70. Un anillo doum-o Pedro,
outro anillo doum-o Xan;
¡vaya ó deño tanto anillo
como teño agora n-a mán!

71. Una vèlla fixo o caldo
antes de s'ir par'a feira
e co a presa con qu'o fixo
meteu n-el o tabaqueira.

72. (1) Unha vèlla se coméu
cento e medio de sardiñas,
e todia a noite andivo
quitando d'o cu espiñas.

73. Unha vèlla se coméu
cento é medio de tomates,
e todia a noite andivo
c'o seu cu á disparates.

(1) Igual á otro castellano, lo mismo que los dos siguientes.

74. Un mozo chamoume rosa,
e Rosa é a *hirmá* (1) miña:
nada teño eu que ver
con que me chamen Rosiña.
75. Un solteiro me persigue,
un viudo me ven buscar;
¡todo ch'è *ún*, (2) miña filla,
non debes de reparar!
76. Un torto e un xorobado
paxéronse á disputar,
si tiña ou non unha coxa
si tiña gracia n-o andar.

Los números 1, 12, 20, 23, 66, 73, 74 y 75 fueron obtenidos en la Coruña. El 2, 3, 68 y 70 en varios puntos de los partidos judiciales de la Coruña y Betanzos. Los

(1) *Hirmà* = El masculino es *hirmau* ó *hirmán*, según los subdialectos, y para formar el femenino pierde la última letra, pero queda la *a* final muy abierta. Si siguiese la marcha de los femeninos castellanos debería decir *hirmana*, pero se sincopó en *hirmáa*, y después, en virtud de una contracción, quedó *hirmá*.

Hemos dicho en el primer tomo la tendencia del dialecto gallego á elidir la *n* entre dos vocales. Algo parecido nos presenta el Griego en los comparativos en $\omega\upsilon$ y en la frecuente contracción de las dos *αα*.

(2) El *ún* está usado aquí como neutro.

4, 5, 7, 9, 11, 13, 19, 32, 36, 44, 50 y 64 en Abegondo y Aranga, del partido judicial de Betanzos. El 6 en Santiago de Compostela. El 8 en el Seijo, partido judicial de Puentedeume. Los 14, 15, 37, 47 y 51 en Palavea, partido judicial de la Coruña. El 17 en Sigrás, partido judicial de la Coruña. El 18, 49, 52, 54, 57, 61, 62 y 63 en Cerbo, provincia de Lugo. El 20 y 24 en Oleiros, partido judicial de la Coruña. El 21 en San Juan de Lubre, partido judicial de Betanzos. El 21, 48 y 60 en San Pedro de Nos, partido judicial de la Coruña. El 25 en Padrón, provincia de la Coruña. El 26 en Elviña, partido judicial de la Coruña. El 28, 34 y 65 en Laje, Ayuntamiento de la provincia de la Coruña. El 30, 31 y 35 en varios puntos del partido judicial de la Coruña y en Santiago de Compostela. El 31, 55 y 59 en varios puntos del partido judicial de la Coruña. El 45 en Vivero, provincia de Lugo. (1)

(1) La repetición de los números de algunos cantares al indicar los puntos en que fueron obtenidos, es intencional y obedece á la duplicidad de sus orígenes.

INFANTILES

1. — Bexato, bexato (1)

¿qué levas n-o papo?

— Leite callado. (2)

— ¿Quén ch'o callou?

— A filla d'o rei.

— Cala, cala,

que eu ll'o diréi.

2. Coheguiñas, (3)

coheguiñas,

ábrea a man e solta a outra;

coheguiñas,

(1) *Bexato*: unas veces se aplica este nombre al *cernícalo* y otras al *milano*.

(2) *Leite callado*: leche cuajada. La leche, en el dialecto, está en género masculino.

(3) *Coheguiñas*: cosquillitas, diminutivo de *cóchegas*, *cosquillas*.

coheguiñas,
 pague quen che toque a roupa. (1)

3. Estando o lobo n-o seu padronelo

cantando á gastulá,
 veu por alí un asno vello
 cargado de berberechá.

— Home sabio ¿d'ónde ves
 con tanta paternidá?

— Son cartuchero d'o rei
 aquí teño a cartuchá.

— Para sères cartuchero
 non che vexo habilidá;
 véxot 'as orellas monas
 á uso de bestulá.

— ¡Colleum' entre corno e corno
 e tiroume en terrulá!

4. — Farruco:

¿na tua terra
 canta o *cuco*?

(cuclillo)

— Cante que non cante
 mal fogo te levante.

(1) Juego de niños, en rueda, haciendo paradas con objeto de hacerse mutuamente cosquillas en la palma de la mano.

5. —*Mazarico*, (1) pico, pico,
 ¿quén che dou *tamaño pico*? (2)
 —Doum' o Dios por meus traballos
 para picar os *carballos*; (robles)
 eu piquéi e repiquéi
 cèn graiñas atopéi
 e levéinas ô muíño
 o muíño á moer
 os ratiños á roer
 agarréi un po-lo rabo
 e levéino ô mercado.
 —Homiño, ¿cánto me da
 vusté por este cabalo?
 —Unha mula e un cabalo.
6. Xan d' Outeiro tèn un can
 que lle chaman capitán,
 tamén tèn unha *cadela* (perra)
 que lle chaman Micaela.
 tamén tèn un boi
 que lle chaman *Turroi*, (3)

(1) Chorlito, ave acuática zancuda de los longirrostrós, zarapito real.

(2) Alude al pico largo y cilíndrico en toda su extensión.

(3) De *turrar* ó topar con las astas: *turrar* se usa con más frecuencia en la acepción de tirar por algo.

tamén tèn un galo
que lle chaman Santiago,
tamén tèn un gato
que lle chaman *escribano*, (1)
tamén tèn unha galiña
que lle chaman Mariquiña,
tamén tèn unha ovella
que lle chaman cotorella.

El número 1 fué obtenido en varios puntos de los partidos judiciales de la Coruña. El 2 en Palavea, aldea á seis kilómetros de la Coruña. El 3 en Cerbo. El 4 y 6 en Vivero.

(1) En gallego es más común decir *esquirbano*, porque la *r* colocada en castellano entre una consonante muda y una vocal, aparece en el dialecto después de la segunda.

INTERESES

1. Eu *ben* ⁽¹⁾ iba á Portugal
paseando po-la mar;
¡ se non fora o diñeirinho
qu' o meu Luis vai ganar!

2. Mala morte mate ôs mozos
que queren moita fortuna:
vacas e *bois* e ferrados (búeyes)
¡ e y-eles, cousa ningunha!

3. Si por probe me desprecias,
afórcate c' os teus *bés* (bienes)
co' as miñas *máus* ⁽²⁾ ganharéi
máis diñeiro qu' o que tés.

(1) Explicadas quedan las varias aplicaciones de la palabra *ben*.

(2) Se dice *maus* y *más*.

4. *Terche* (1) pouco non convèn,
tampouco convèn tèr moito;
pro cômpre por eso *tèr*
¡sea moito, sea pouco!

El número 1 fué obtenido en San Julián de Piñeiro, Ayuntamiento de Chapa, provincia de Pontevedra. El 2 en Mosteirón, parroquia del Ayuntamiento de Oleiros, partido judicial de la Coruña. El 3 en San Salvador de Cecebre, Ayuntamiento de Cambre, en el partido judicial de la Coruña.

(1) La sílaba *che* es enclítica muy común en el dialecto; *convèn tèr*: conviene tener.

JURAMENTO

1. A palabra que che dei
n-o campo d'o *Esprítusanto* (1)
puxen á Dios por testigo
e mai-lo divino santo.

Fué obtenido en Abegondo, partido judicial de Betanzos.

(1) En la parroquia de Soñeiro, partido judicial de Betanzos, provincia de la Coruña.

MALDICIONES

1. Indo pol-a calle abaixo
 escurrín n-unha cereixa
 ¡que se vexa *esgurrizado* (1)
 o que n-o camiño a deixa!

2. Mala morte mate ôs homes
 os d'a chaqueta encarnada,
 que foron a perdición
 d'as rapaciñas de España.

3. Mala xesta (2) barreadeira
 veña po-lo bon (3) varon,
 veña por todo-los homes
 por cantos n-o mundo son.

(1) Consumido ó estenuado.

(2) *Xesta* significa retama, pero como de esta planta se fabrican muchas escobas, llevan éstas el nombre de aquélla.

(3) *Veña po-lo bon*: venga por el buen.

4. N'a camisa teño pulgas
n-o xibón teño piollos,
¡e *tēñenme* moita invidia!
¡inda lles cayan os ollos!
5. (1) Namoreime d'un espiño
e o vento levoum 'a fror,
¡mal haya quen se namora
para vivir con delor.
6. Pol-a tua porta pasa
un *regueiriño* de neve (arroyuelo)
para lle dar d'él ôs homes
¡mala *xiada* ch'os leve! (helada)
7. Tua nai é unha *meiga* (bruja)
é teu pai un nigromante,
todos ¡*vides* d'unha casta! (venís)
{ mala polva vos levante.
{ malos fogos vos levante.

Los números 1, 2 y 3 fueron obtenidos en Elviña, próximo á la Coruña. El 4 en Abegondo, partido judicial de Betanzos. El 5 en Cerbo, provincia de Lugo. El 7 en Ois y Cines, partido judicial de Betanzos.

(1) Parecido á otro castellano.

MAYO ⁽¹⁾ (EL)

«Cantarán o Mayo
e mais ben cantado». (2)

1. *Ángueles* somos,
del cielo venimos,
bulsa traemos,
dinero pedimos.

(1) El Mayo se viste completamente de hinojo, incluso la cara, llevando en la cabeza una corona de flores. En la Coruña empuñaba hace pocos años una cruz guarnecida de flores y de hinojo y, el vestido, según queda indicado. Varían los cantos según las poblaciones.

Es de notar que la representación ó personificación del mes de las flores sea masculina en Galicia, cuando en otros puntos de España y aun del Mediodía de Francia sea una *Maya* y no un *Mayo*.

 parécell'a albarda dura.

63. O crego d'a miña aldea
 dorme co a ama ô lado
 por si lle da un dolor
 que lle acoda de contado.

64. O crego e mail-a criada
 ordearon (1) una festa;
 peneiraron (2) a fariña
 ô abrigo d'unha *vesta!* (retama)

65. O crego está *magoadado* (lastimado)
 que ll'hincharon as orellas,
 agora saberás, crego,
 de qué mal morren as nenas.

66. O crego foi ô muíño
 metéu a cabeza *dentro* (3)

(1) *Ordearon*: ordenaron ó proyectaron.

(2) *Peneiraron*, cernieron; de *peneira*, cedazo.

(3) Se dice *dentro* y *drento*.

sacóu fariña n-a *croa* (corona)
para face-l-o formento.

67. O'creguiño d'esta aldea
regalálo qu'é meu tío;
meterll'un pau por un ollo
sacarll'o por un oído.

68. O cura de turre, burres
é capitán d'os galápagos,
mandóu facer una *estrépeda* (trepia)
para cazar os paxáros.

69. O cura de *Valcarría* (1)
ten doce nenas ¿faladas?
tres *Marías*, (2) tres Antonas,
tres Anas, tres *Xulianas*.

70. O meu cabaliño, nenas,
váivos n-a feira d'a aresta

(1) Ayuntamiento de Neira de Jusá, partido de Becerreá, provincia de Lugo.

(2) En lugar de *Marías* se dice generalmente *Maricas* en gallego.

si m'o vedes (1) por aló
ten unha estrela n-a testa.

71. Olvidar moza solteira
por tomar muller casada,
é dar a palla por grau
e trocar o grau por palla.
72. O meu cabaliño, nenas,
vai n-a feira d'as mulleres
se m'o vedes por aló
cargádemo de culleres. (2)
73. Os amores d'a muller
sonche (3) como os d'a galiña,
en faltándolles o galo
á calquer polo s'arrima.
74. Os diputados rurales
que teñen asiento
n-a Diputación

(1) *Si m'o vedes*, literalmente significa *si me lo veis*. Este presente de indicativo debe traducirse por el pretérito imperfecto de subjuntivo.

(2) *Cargádemo de culleres*: cargádmelo de cucharas.

(3) Es muy común en gallego presentar la persona de verbo con la sílaba *che* enclítica.

son muñecos de madeira
 d'os qu' hay n-a *Tieira* (1)
 con frá e pantalón;
 basta deeeee
 conveeeer—sación. (2)

75. ¡Para qué a quero eu
 unha viña vendimiada!
 ¡para qué a quero eu
 non me sirvindo de nada!

76. Pasando a porta de Lugo,
 cando eu era estudante,
 díxom' unha costureira:
 ¡ai! qué narices tan grandes.
 Eu botando as maus á elas
 contesteille d'esta traza:
 « páse mi señora, páse,
 que... ¡ben pasa! »

(1) Alude á los bandos de *tieiristas* y *no tieiristas*, con motivo del proyecto de empalme del ferrocarril de Santiago á la Coruña; los primeros eran partidarios del empalme más arriba de Betanzos, atravesando el país llamado *Tieira*.

(2) Se cantaba con la misma música de los cantares números 17, 37, 101 y 102.

77. Paséi a *Ponte d'o Porco* (1)
 boteill'a man po-l-o lombo:
 San Antonio te defenda,
 porquiño, ¡que estás ben gordo!
78. Paséi po-l-a tua porta,
 pidinche caldiño d'unto
 e ti, viudiña, *dichemo*, (2) (dístemelo)
 pol-a alma d'o teu difunto.
79. Perdín o meu cantariño,
 perdino, aló me vai,
 perdín o meu cantariño
 ¡hame de reñer meu pai!
80. Pol-o cuello d'a camisa
 ben che se ve un piollo
 venche de Serra Morena
 e trai un parcho n'un ollo.
81. Pol-o cuello d'a camisa
 ben che vexo ir un piollo;

(1) Pueblecillo del distrito de Puentedeume.

(2) Se dice también *déchemo*.

vènche d'a sega d'a *Ambroa* (1)
 trai un *fachico* (2) n-un ollo.

82. Por detrás d'aquel convento
 donde se vend'a escarola,
 hasme de dicir, miniña
 cando t'eu hei de ver sola.

83. Quén me dera, quén me dera,
 e non me costara nada,
 unha neniña solteira
 para me facer a cama.

84. Quén te collera n-a horta
 cando vas po-lo *prixel* (perejil)
 dérach' un bico (3) ben gordo
 pra que t'acordases dél.

85. Quén te me dera, rapaza,
 donde *tuven* (4) outras catro,

(1) Santiso de Ambroa, en Irijoa, partido judicial de Betanzos. El segundo y tercer verso de este cantar y del anterior tienen sonidos iniciales muy semejantes, aunque representan ideas muy diferentes.

(2) Rollo de paja ordinariamente de centeno y con más de una atadura.

(3) *Dérach'un bico*: diérate un beso.

(4) Se dice *tuven* y *tiven*.

sentadiña n-o meu *colo* (regazo)
e o teu pè n-o meu zapato.

86. Quén te me dera, rapaza,
en donde xa tuven outra,
enriba d'o meu cabalo
cuberta co-a miña roupa.

87. Quén te me dera, rapaza,
rapaza, quén te me dera,
quén te me dera, rapaza,
sentadiña n-esta pedra.

88. Rapaciñas de *Paderne*, (1)
irés amañando os ovos, (iréis)
cando os canteiros se marchen
ha d'haber canteiros novos.

89. Roxiña, roxa d'o pelo,
dám 'a man po-l-a ventana;
mira que si dormes sola
dormirás acompañada.

(1) Partido judicial de Betanzos.

90. Señora ama de casa,
d'o color *acereixadó*: (de la cereza)
déixeme entrar pol-a porta
que teño qu'ir ô tellado.
91. Señor cura, señor cura,
aquí lle ven a criada
que lle ten que perguntar
cómo se guisa unha cabra.
—*Aceitorum, vinagrorum,*
e un pouco *pirixelorum*
et in secula seculorum.
92. Sete veces fun casada
e sete homes rompín;
cása connigo, rapás,
que nunca amor conocín.
93. Si me tiras e me dás
co-as pedras d'ese valado,
si me tiras e me das
tes que pagar o derramo.
94. Teño xuramento feito
firmado po-la xusticia

de non abrir porta á *nadie* (1)
hasta qu' amaneza o día.

95. Tráime lume, tráime lume,
anque sea n-o regazo,
de camiño que m' o traes
tamén che dou un abrazo.

96. Una vella moi ben vella,
vella de cabeza branca,
botóu un p... n-a cama
fixo levantar a manta.

97. Una vella moi ben vella,
máis vella que San Antonio,
botóu un p... n-o inferno
matóu trint' e un demonios.

98. Unha vella n-a Mariña
botóu un toxo n-o lar,
saltóulle n-a faltriqueira
e hóubolla de queimar.

(1) Se dice *nadie*, *nadia* y *naidea*.

99. Unha vella n-un corral
d' un p... matóu un polo;
si non-a quitan d' alí
mata galiñas e todo.
100. Unha vez qu'auga me deches,
cinco apretiñas che dei;
¡cinco mil díaños te leven!
eu pagar ben che paguei.
101. Vindo por Santa Lucía (1)
un señor de tricornio
n-os fixo parar (2)
que c'o bastón levantado
â dereita e esquerda
queríanos pegar.
¡Eeeera un *muuniii-cipal!* (3) (celador)

Los números 1, 42, 44 y 45 fueron obtenidos en Vive-ro, provincia de Lugo. El 2, 4, 19, 23, 45, 48, 51, 73, 90 y 93 en la Coruña. El 3 y 10 en Ois, partido judicial de

(1) Barrio de Santa Lucía de la Coruña.

(2) Por la aglomeración de gentes que fueron en 1883 á esperar al rey á la estación del ferrocarril de la Coruña, situada en Puente Gaiteira.

(3) Se cantaba con la misma música que los cantares números 17 y 37.

Betanzos. El 5 en diferentes puntos del partido judicial de la Coruña. El 6, 9, 16, 27, 31, 43, 68, 76, 91 y 94, en Cerbo, provincia de Lugo. El 7 en varios puntos de los partidos judiciales de la Coruña, Santiago y Padrón. El 8, 11, 12, 20, 22, 24, 25 y 100 en Abegondo, partido judicial de Betanzos. El 17, 18, 34, 37, 49, 60, 61, 62, 63, 65, 72, 74, 80, 81, 91 y 101, en varios puntos del partido judicial de Betanzos. El 21 en Elviña y San Pedro de Nós, partido judicial de la Coruña. El 25, 28 y 47 en varios puntos de los partidos judiciales de la Coruña, Betanzos, Puentevedume, Santiago y Padrón. El 26 en Laracha, partido judicial de Carballo, y en Arteijo, del de la Coruña. El 29, 38, 50, 54, 70 y 71 en varios puntos de los partidos judiciales de la Coruña y Betanzos. El 36 y 99 en Palavea, partido judicial de la Coruña. El 38 y 39 en varios puntos de los partidos judiciales de la Coruña, Betanzos, Puentevedume, Ferrol, y Carballo, y Vivero y Monforte, provincia de Lugo. El 40 en Monforte, provincia de Lugo. El 41 en Elviña y Santiago del Burgo, partido judicial de la Coruña. El 46 en Cambre, partido judicial de la Coruña. El 50 y 51 en Elviña, Oleiros y Cambre, del partido judicial de la Coruña. El 52 en el Ferrol. El 64 en Aranga, partido judicial de Betanzos. El 74 y 82 en Ois y Abegondo, partido judicial de Betanzos. El 75 en Culleredo y Sigrás, partido judicial de la Coruña. El 85 y 88 en Elviña y otros puntos del partido judicial de la Coruña. El 86 y 87 en Abegondo, partido judicial de Betanzos, y en Elviña, partido judicial de la Coruña.

PIROPOS

1. Cantá, miniñas, *cantá* (1)
si po-l-o voso gusto è,
total-as herbiñas cheiran
donde vos *poñés* o pè. (ponéis)

2. Disme que te queima o sol,
eu digo te fai hermosa;
mazanciña moi sombrisa
nunca foi a máis sabrosa.

3. Míra para min ô dreito,
miña prenda tan amada,
míra para min ô dreito
déixame mirach 'a cara.

(1) Se dice *cantá*, *cantade* y *cantai*.

4. Tès ûs *olliños* n-a cara (ojitos)
 ûs ollos mui churrusqueiros,
 gárd'os para min, rapaza,
 que somos os dous solteiros.
5. Tès uns *olliños* n'a cara
 que parecen de bordar
 nacemos un par'o outro
 que ll'habemos d'esperar.
6. Tráe-lo sombreiro ô torto
 e pareces un ladrón:
 aunque non roubas diñeiro
 roubas o meu corazón.
7. Trayes ti e estache ben
 sombreiro de medio lado,
 pero inda ch'está mellor
 o chalequiño encarnado.

Los números 3 y 4 fueron obtenidos en varios puntos de los partidos judiciales de la Coruña y Betanzos. El 5 en Elviña, partido judicial de la Coruña. El 6 en Vivero, provincia de Lugo. El 7 en Sarandones, Ayuntamiento de Carral, partido judicial de la Coruña.

RECONVENCIÓN

1. D' a miña ventá ben vin
o que non quixera ver;
dices que non bebes viño
e yeu ben ch' o vin beber.
2. Eso eu non ch' o merezo
esas auciós non se fan,
hásmas de pagar, treidora,
téño ch' a cobra n-a man.
3. Esta noite e a pasada
non te vin n-o arredor
¡ estando a noite tan crara
e o camiño andador! (1)

(1) *Andador* : de fácil tránsito.

4. O río vai alodado,
 leva carballos e follas,
 ¡inda non me queres moito
 cando connigo non soñas!
5. Pénsa, pénsa, pénsao ben
 e arrepara ben, miniña,
 que por unha mala lingua
 deixache quen máis t'estima.

El número 1 fué obtenido en Abegondo, partido judicial de Betanzos. El 2 en la Coruña; y en Sada, partido judicial de Betanzos. El 4 en Cambre, del partido judicial de la Coruña.

RECONCILIACIÓN

Olvidácheme, olvideite,
as paces vamos facer;
míra para min ô dreito
que pouco podes perder.

Fué obtenido en Mosteirón, del Ayuntamiento de Oleiros, partido judicial de la Coruña.

¡nin cabalo de alta silla
nin silla d'outro cabalo!

5. A muller pegóull'ô home
co-as varas d'un *argadelo*, (argadillo)
que lle pegue ô seu marido
xa que pode está ben *feito*. (hecho)

6. Anque me vexas casada
non me pérda-lo cariño,
que podo quedar viuda
e mais casarme contigo.

7. Aquela rapaza chora
que ⁽¹⁾ se lle-vai seu amor
¡chora, e *têno* n-a terra
qué fará *desque* se fôr! ⁽²⁾

8. *Asobía*, asobía,
asobía que fai vento;

(1) Es muy común, como se observará en muchos de los cantares de esta colección, el uso del *que* en sustitución del *porque*.

(2) *Desque se for*: luego que se ausente. *Desque*: desde que.

tamén eu asobiaba (1)
cando era d'o teu tempo.

9. A Virxe d'o Carme tèn
en riba d'a sua corona,
un letreiriño que di:
«rapaza, gárda a tua honra.»
10. Ben te vin estar n-o leito
envolta en panos de liño;
tiñas unha man n-o peito
sobre d'o corazonciño.
11. Cando eu a mesa poño
póño-a con gran franqueza (póngola)
¡á qu' hei de perguntar
por-quen non che m'*interesa!* (2)
12. *Corvos*, andades comendo (cuervos)
o trigo qu'eu sementéi!
¡fillos, andades facendo
o qu' eu non vos mandéi!

(1) *Asobiaba*: silbaba.

(2) También se dice *intresa*.

13. Chamácheme «pouca roupa»
 por ver se m' encomodaba;
 pouca roupa, è ¡moita roupa,
 para ti, que non tès nada!
14. Deixácheme por ser fea
 e tras d' a guapa te fuche; (fuiсте)
 non teño pesar por eso,
 qu' as rosas tamén se *muchan*. (marchitan)
15. En Madrí, con ser Madrí,
 s' un nobre se corta un dedo
 botará sangue *encarnado* (1)
 como calquera gallego.

(1) Las diferencias entre el género masculino y femenino de muchas voces gallegas y castellanas influyen en la incorrección del lenguaje nacional de las personas menos ilustradas de Galicia, y aun en los ensayos literarios sobre el dialecto. En la bondad del propósito del colector hallará disculpa la indicación que se permite hacer de las más notables.

La antevíspera, la azumbre, la cal, la canal, la hiel, la labor, la leche, las legumbres, la lumbre, la miel, la mugre, la pez, la pringue, la sal, la sangre, la vispera, la ubre, tienen por equivalentes en gallego: *o antevíspera, o azumbre, o cal, o canal, o fel, o labor, o leite, os legumbres, o lume, o mel, o mugre, o pez, o prebe, o sal, o sangue, o vispera o vispora, o ubre*.

Por la inversa: *el azote, el calor, el color, el coraje, el doblez* (de una cosa), *el mediodía, el pasaje, el paisaje, el paisanaje, el potaje, el ramaje*, se corresponden en gallego por *a azoute, a calor, a color, a coraxe, a medodia, a mediodia, a pasaxe, a paisanaxe, a potaxe, a ramaxe*.

16. Escribín e non firméi :
 ¡vale máis papel sin firma
 que non cariño *sin léi!* (1)
17. Estreliña d'o luceiro,
 e mai-l-a (2) d'a craridá,
 ¡vais'o día vais' a noite
 vaise a nosa mocidá!
18. Eu ben ch'o dixen, Marica,
 eu *ben* (3) ch'o volvo á dicir,
 qu'entre os *homiños* casados (hombrecitos)
 non te foses á dormir.
19. Eu pidín e non me deron
 e quedéi avergonzado;
 a vergonza non foi miña,
 o pidir érame dado.
20. Eu querer quíxente ben
 e o meu querer *desfixeche* (deshiciste)

(1) Sin constancia, sin fidelidad.

(2) *E mai-l-a* y también *la*. Ya queda indicado en este mismo tomo por qué en castellano no siempre debe traducirse el *mais* gallego.

(3) El gallego usa más que el castellano de la palabra *ben*. Véase el tomo I, pág. 57.

¡cómo queres, charrusqueira
non volva o mal que me deche!

21. Indo po-la calle abaixo
 escurrín n-unha cereixa,
 vállanche ⁽¹⁾ todo-los demos
 á quen seu camiño deixa.
22. Miña nai
 paréume e casoume;
 veu aquel *barballoteiro* ⁽²⁾
 e levoume.
23. O mal d'amor non tèn cura
 e todos me din qu'ó tèn;
 tomar de novo outra moza
 é o que máis me *convén*. (conviene)
24. O pouco que Dios me dou
 cabe n-unha man cerrada,
 o pouco con Dios è moito,
 o moito sin Dios n-è nada.

(1) Difere el último verso de este cantar de otro de la colección. El *váyanche* tiene la enclítica *che* en lugar de *lle*, que en rigor gramatical le corresponde.

(2) Hombre hablador y de poco seso.

25. O prixel é meudiño (1)
 e n' a raís tèn a cura;
 a nena que vende *libre* (sin cargas)
rise de quen-a marmura. (ríese)
26. Ó *rebuldar* co-as nenas (retozar)
 perdín as miñas polainas;
 agora teño outras novas
 non quero máis rebuldainas.
27. Si queres qu'a augua corra
 quítall'unha *liguada*; (2)
 si queres qu'o amor ch' escriba
mândañe (3) carta cerrada.
28. Turradas e máis *turradas* (4)
 turradas non quero máis
 por causa d'as turradiñas
 lévanll' as fillas ôs pais. (5)

(1) O *prixel é meudiño*: el perejil es menudito.

(2) Azadonada extraída del montón de tierra, cuando hace el oficio de dique.

(3) Otros dicen *mândalle*.

(4) *Turrar*: tirar por algo.

(5) Equivale á *llevanles* ó *arrebátanles las hijas á los padres*.

Los números 4, 16, 17 y 19 fueron obtenidos en el partido judicial de Betanzos. El 5 en Elviña, partido judicial de la Coruña. El 6 y 8 en la Coruña y otros puntos de los partidos judiciales de la Coruña y Betanzos. El 7 y 22 en la Coruña. El 9 en Cerbo, provincia de Lugo. El 10, 11, 18 y 27 en la Coruña. El 13 en Aranga y el 24 en Abegondo, ambos del partido judicial de Betanzos. El 20 en Betanzos. El 21 en Elviña y otros puntos del partido judicial de la Coruña, y en Abegondo, del partido judicial de Betanzos. El 23 en Vivero, provincia de Lugo. El 25 y 26 en Pravio, Cambre y otros puntos del partido judicial de la Coruña. El 28 en Oleiros y San Pedro de Nós, del partido judicial de la Coruña.

REMORDIMIENTOS

1. Esta noite me colleron
n' unha *fiada* (1) de lan;
¡n-os días d' a miña vida
n-outra no-me collerán!

2. Por querer ûnha deixéi
outra que me estaba amando,
o que fixen no-no sei
agora me está pesando. (2)

El número 1 fué obtenido en Cuíña, partido judicial de Betanzos, y en Carballo, partido judicial de la provincia de la Coruña. El 2 en Vivero, provincia de Lugo.

(1) Reunión ó tertulia de hilanderas de lana.

(2) Parece castellana.

RONDADORES

1. Adiós, campião d'a Senra,
 moito che teño rondado,
 moito máis te rondaría
 si non fora de soldado.

2. Aquí vamos os d'a rua,
 aquí vamos os ruantes,
 aquí vamos os d'a rua
 catro mozos *elegantes*. (1)

3. Arriba, meu pau d'a tuna,
 arriba, meu pau tunante,
 arriba, meu pau d'a tuna,
 arriba con *Dios delante*. (2)

(1) Palabra tomada del castellano.

(2) Palabras tomadas del castellano.

4. Augua meudiña chove
que corre po-los canales,
ábrem 'a porta, rapaza,
que son aquél que ti sabes.
5. Esta noite me *colleron* (cogieron)
n-o muíño d'o Batán,
esta noite me colleron
outra non me collerán.
6. Miña prima, miña prima,
miña segunda *curmán*; (prima)
¡mozos por este *rueiro* (1)
non sei á quen rondarán!
7. ¿Para qué pasas cantando
e despertando á quen dorme?
¿para qué dar soledades
á quen che falar non pode?
8. Paséi po-la tua porta,
conocich 'o meu cantar,

(1) Grupo de casas en donde existe sitio de recreo para bailar al aire libre ó reunirse los mozos y las mozas. El nombre de *rueiro* en rigor es más genérico, y comprende las agrupaciones de casas que forman algo de calle.

asomáchet' ô *sobrado* (1)

volvíchet' á retirar.

9. Paséi po-la tua porta
 c' un mandil *mouro* cuberto, (negro)
 ben vin estar á teu pai
 con un ollo moi aberto.

10. Quen queira roldar que rolde
 qu' eu *xa veño* de roldar, (ya vengo)
 n-atopei á quen buscaba,
 agora voum' á *deitar*. (acostar)

11. Si queres que te visite
 has de barrer a calzada,
 que me pican as *aréas* (arenas)
 cando vou de madrugada.

12. Si me rondan que me ronden,
 eu non quero ser rondada,
 pois digo unha vez que non
 non quero ser *porfiada*. (2)

(1) Habitación alta de la casa de los labradores.

(2) Esta voz está tomada en el sentido de ser solicitada con insistencia.

El número 1 fué obtenido en Cerbo, provincia de Lugo. El 2 en la Coruña. El 3 en Elviña y Oleiros, partido judicial de la Coruña. El 5 y 6 en Abegondo y Sada, partido judicial de Betanzos. El 7 en varios puntos de los partidos judiciales de Betanzos y la Coruña. El 8 en Pravio y Oleiros, del partido judicial de la Coruña. El 10 en Santiago de Compostela y en San Pedro de Nós, del partido judicial de la Coruña. El 11 en Abegondo, partido judicial de Betanzos. El 12 en la Coruña y Oleiros.

RUADA ⁽¹⁾

1. Véña o pandeiro, ¡á ruar!
qu' estas son as *mazarocas* (husadas)
qu' hoxe teño de fiar ⁽²⁾

2. O pandeiro toca ben
as ferreñas fanll' o son
vivan os qu' amores tèn.

(1) Diversión de aldeanos de ambos sexos reunidos para bailar en la casa de alguno de ellos ó en el campo.

(2) Los tercetos, que, como dijimos, recuerdan el ternario céltico, son á propósito para acompañar la *rua*, *ruada* ó *fuliada* que se acostumbra á bailar en algún campo ó atrio de iglesia. Un hombre canta, al compás del pandero, los tales tercetos, mientras que las mujeres cantan y bailan, terminando con un sonido agudo y prolongado, coronado á veces por el *aturuxo* final, que tiene algún punto de semejanza con el relincho.

La prolongación del sonido después de un *alalala*, hace recordar las palabras de Silio Itálico: «Pubem Barbara nunc patriis *ululantem* carmina linguis» sin que se pretenda afirmar derivación como oportunamente indica el Sr. Milá y Fontanals en su Memoria acerca de la poesía popular gallega.

3. VÍvan as mozas gallegas,
vivan as bonitas mozas
e os galáns d'a nosa terra.
4. Mociñas, á bailar todas;
mociños, arriba, arriba,
¡ti tamén, meu *furabolos*! (1)
5. Non t'asañes, (2) non, rapaz,
qu'as nenas son para ver,
os *galáns* (3) para mirar.
6. Cada ûn é pr-o que é;
o pan esta pr'a fouciña;
Antoniño, sáca o pé.
7. A ruada vais 'armando,
tíra, Pepe, ese candil
que están á porta chamando.

(1) Activo, arriesgado, etc.; también se llama *furabolos* el dedo índice, que sirve para hacer agujeros en las tortas de trigo antes de meterlas en el horno.

(2) *Non t'asañes*: no te resientas.

(3) Unos dicen *galáns* y otros *galás*.

8. Virán chuscos, Diol-o queira,
 pro ese chama no *quinteiro* (1)
 y os chuscos *vén* po-la eira. (vienen)
9. Veña por onde quixer;
 tóca, pandeiriño, tóca
 mas que ch'o coiro *rabée*. (reviente)
10. Estíra a *cofia*, (2) Maruxa,
 dóbra as mangas d'a camisa
 e qu'o *denguño* (3) se luza.
11. Inés, acúde ô *mantelo* (4)
 puntéa que ti ben sabes
 dáll'ô brazo e xúnta os dedos.

(1) Corral ó patio cerrado y al descubierto. Este terceto parece recordar, por sus terminaciones casi monorrímicas, las triadas célticas.

(2) Toca de lino ó encaje con que las aldeanas recogen el pelo. Va dejando de usarse dicha prenda y se sustituye por el pañuelo.

(3) *Dengue*: especie de esclavina de paño de color con puntas prolongadas que se sujetan sobre la cintura ó en las espaldas después de cruzarse en el pecho. Algunos *dengues* llevan franjas de terciopelo: van cayendo también en desuso.

(4) Especie de delantal de paño que cubre el refajo de las campesinas y se sujeta en la cintura con corchetes ó broches; los hay con franjas de terciopelo.

12. Éntra, *meigo*, non *atruaxes* (1) (brujo)
 gárda, Xan, as castañetas
 e cóntame ond' hoxe *fuches*. (2) (fuiste)

La ruada anterior fué recogida por el ilustre historiador de Galicia, Sr. D. Manuel Murguía, quien se la facilitó al distinguido literato catalán Sr. Milá y Fontanals, entusiasta admirador del dialecto gallego, y autor de una notable monografía sobre la poesía popular de esta región.

(1) *Atruxo*: grito prolongado al final de algunos cantares y modo de anunciarse los mozos desde cierta distancia.

(2) No se siguió el orden alfabético ni se hizo alteración alguna en el orden de colocación de los tercetos por respeto á su origen, y porque aparecen con cierto enlace las ideas que representan.

SANTOS, SANTUARIOS Y ROMERÍAS

1. A virxe de Pastoriza
 vela ahí vai n-a sua barca,
 aló n-o medio d'o mar
 toda-las aguas aparta.

2. A Virxe de Pastoriza
 ten un navío d'o mar; (1)
 ¡quén ll'o dou ! ¡quén ll'o daría !
 quen ll'o dou púidoll'o dar. (2)

3. Hei d'ir ô señor *San Cosme*, (3)
 hei d'ir e vir por Bayona,

(1) Entre los muchos votos ú ofrendas que los romeros ofrecen á la Virgen de Pastoriza en su santuario, próximo á la ciudad de la Coruña, figura algún barco pequeñito y á propósito para colgarlo en la iglesia á guisa de lámpara.

(2) *Púidoll'o dar*: se lo pudo dar.

(3) En Bayona, partido judicial de Vigo, provincia de Pontevedra.

ver á Santa Liberata
n-a sua capilla nova.

4. Indo para San Andrés
aló en Porto d'o Cabo,
díxom'unha *caldrupeira*, (1)
romeiro, ¿ti quel-o caldo?

5. Meu divino San Andrés,
tellas d'o voso tellado;
elas de lonxe parecen
ouro fino amartillado.

6. Meu señor San Andresiño,
qu'está n-alta ribeira,
véñolle pedir, meu santo,
a salvación verdadeira.

7. Miña nai e mai la tua
as duas van n-a romaría,
levan a roupa d'as festas
deixan a de cada día.

(1) Vendedora de caldo.

8. Miña Virxe d'os *Milagros*, (1)
 ¡qué che foron levantar!
 ¡que tiñas un home morto
 debaixo d'o teu altar!
9. Neniñas de San Lourenzo,
 ben vos podés alabar;
 ehí ven o señor San Campio (2)
 vestido de militar.
10. Nuestra Señora d'a *Guía* (3)
 elle a miña madriña,
 dichosa de miña nai
 ¡qué boa comadre tiña!
11. Nuestra Señora d'o *Darvo* (4)
 tèn o Darvo n-a corona,
 que ll'ó mandóu de regalo
 o Padre Santo de Roma.

(1) En Cayón, partido judicial de Carballo, provincia de la Coruña.

(2) *San Campio*: en el partido judicial de Noya, santuario muy visitado por los romeros campesinos.

(3) Cerca de Vigo.

(4) Debe ser en el distrito de Vivero.

12. Nuestra Señora d'o Darvo
ten o Darvo n-a mantilla,
que ll'o mandóu de regalo
Nuestra Señora d'a Guía.
13. Nuestra Señora de *Bares*, ⁽¹⁾
que nos dea o vento en popa,
que somos os de *Celeiro* ⁽²⁾
e temos a vela rota.
14. Hoxe é día d'o meu santo,
día de San Manoel,
hei d'estrenar un vestido
d'o color d'o caravel.
15. San Antoniño de Sada
cando vai n-a procesión,
vais' abanicando moito
vacunando xarampión.
16. *Santa Eulalia* ⁽³⁾, Santa Eulalia,
vela ahí vai po-la ribeira

(1) Entre el cabo Ortegál y Vivero.

(2) Cerca de Vivero, provincia de Lugo.

(3) Patrona de Ares, partido judicial de Puente deume.

collendo conchiñas d'ouro
metend-as n-a faltriqueira. (1)

17. San Payo de Vilacoba
ten os zapatiños brancos,
as neniñas de *Loureda* (2)
va-n-o á ver os días santos.

18. San *Vicente* (3) pequeniño
anda n-o monte c' o gando,
a virxe de Pastoriza
ándall'o *arrecadando*. (juntando)

19. San Vicente pequeniño
é un santo *chirifeiro*, (4)
que nos dá a nosa festa
o vintedós de Xaneiro.

20. Sempre m'andás preguntando
de qué romaría veño,

(1) Quedan copiadas otras dos casi iguales.

(2) Parroquia del Ayuntamiento de Abegondo, partido judicial de Betanzos, provincia de la Coruña.

(3) Parroquia de Elviña, próxima á la Coruña.

(4) Tal vez quiera decir *chiripeiro*, ó que tiene casualidades favorables.

veño de Santo San Payo,
de Santo San Payo veño.

21. Sempre m'andás preguntando
de qué romaría veño,
veño de Santa Lilaina
de Santa Lilaina veño. (1)

22. Teño d'ir á *Santa Marta* (2)
c'unha cesta de empanadas,
teño de levar connigo
Farruco d'as *larpeiradas*. (golosinas)

23. Teño d'ir ô *Conde Santo*, (3)
que ch'está en Vilanova,
teño de traer d'alí
encaixes (4) d'a moda nova.

Los números 1 y 16 fueron obtenidos en Ares, partido judicial de Puentedeume y en Ferrol. El 4 y 5 en Santiago y en varios puntos del partido judicial de Betanzos.

(1) Parece parodia maliciosa de la anterior.

(2) Santa Marta de Babío, cerca de Sada, partido judicial de la Coruña.

(3) Cerca de Mondoñedo, provincia de Lugo.

(4) Pequeña industria del país.

El 6 en Cerbo, provincia de Lugo. El 7 en varios puntos de los partidos judiciales de la Coruña, Santiago, Padrón y Puente deume. El 9 en Santiago. El 10 á 13, 22 y 23 en Vivero, provincia de Lugo. El 14 en Sigrás, partido judicial de la Coruña. El 15 en Mosteirón, del partido judicial de Betanzos. El 17, 20 y 21 en varios puntos de los partidos judiciales de la Coruña y Betanzos. El 18 en Santiago del Burgo, partido judicial de la Coruña. El 19 en Palavea, parroquia de Elviña, partido judicial de la Coruña.

SUCIAS

1. Héicho de dar, quiridiña,
héicho de apartar d'os ollos;
que ch'hei de botar n-a cama
un ferrado de piollos.
2. O corazón d'unha pulga
e mai-lo d'un piollo
guisados n-unha cazola
chegan par' o mundo todo.
3. O que che digo, rapás,
que *cáte-l-o* teu calzón, (registres)
que ten piollos d'a libra
e *lendias* d'á cuarterón. (liendres)

4. Teño piollos n-a camisa
 tamén os teño n-o sayo,
 todos me teñen envidia
 porque teño moito *gado*. (ganado)

5. Unha vella c'os seus m.....
 cèn muíños fixo andar,
 ¡vállante cento e un demos
 que ganas tès de m.....!

Los números 1 á 3 fueron obtenidos en varios puntos del partido judicial de Betanzos. El 4 en San Pedro de Nós, inmediato á la Coruña. El 5 en Betanzos.

TEMOR

1. Lourenzo, váit' d' ahí,
non me veñas á tentar
se teu padre chega á vir,
non sei o que vai pasar.

2. Non m'abrigo que non chove (1)
nin se me molla a mantilla;
váite por onde viñeche, (2)
¡que no-o sepa a madre miña!

El número 1 fué obtenido en Ujes, Ayuntamiento de Arteijo, partido judicial de la Coruña. El 2 en Ares, del partido judicial de Puentedeume, provincia de la Coruña.

(1) *Non chove*: no llueve.

(2) *Viñeche*: viniste.

TRAJES

1. Cinto negra n-a camisa,
encarnada n-o calzón,
amarela n-o chaleque
e negra n-o pantalón.
2. Dend' a Habana me mandaron
pano par' unha mantilla;
¡tamén puderon mandarme
seda para guarnecila!
3. De Portugal me mandaron
unha camisa ben feita
c'un caravel encarnado
n-a *fita* d'a manga dreita. (puño)

4. Dos panos que hai n-a tenda
moito me gusta o Mahón,
dos fillos que tèn teu pai
tamén che me gusta Antón.
5. D'os panos que hai n-a tenda
moito me gusta o *Mancheste*, ⁽¹⁾
d'os fillos que tèn teu pai
tamén me gusta Silvestre.
6. D'os panos que hai n-a tenda
che me gusta *Tarazona*, ⁽²⁾
d'as fillas que tèn teu pai
tamén che me gusta Antona.
7. Marica de Pastoriza
vela ahí vai pol-a ribeira
en manguñas de camisa
parece unha rianxeira. ⁽³⁾
8. Miña nai, miña naiña,
miña nai d'o corazón,

(1) Algodón inglés que antiguamente llevaba ese nombre.

(2) Paño de lana burda.

(3) *Rianxeira*: vecina de Rianjo.

- ¡tanto liño como ten
e non me fai un *xibón*! (jubón)
9. Miña cuñadiña nova,
meu hirmán qué ch'ha de dar:
chaquetiña de Segovia
con cinta de namorar.
10. Miña cuñadiña nova,
meu hirmán ¿qué ll'has de dar?
zapatño de Segovia
para o domingo bailar.
11. O mariñeiro ô domingo
bon zapato e boa media,
e o luns po-la mañán
descalciño po-la *aréa*. (arena)
12. Teño polainas de buxo (1)
castañetas de *burel* (2)

(1) *Buxo* quiere decir *boj*, y *burel* paño burdo; hay, pues, intencionado juego de despropósitos.

(2) Paño pardo ordinario.

para darll'á meu compadre
que lle *cascóu* a muller. (zurró)

13. Unha vai de zocos
outra de chinelas
e outra vai dicendo (1)
¡quén compra *libernas!* (2)

El número 1 fué obtenido en Elviña, próximo á la Coruña. El 2 al 6 en el partido judicial de Betanzos. El 7 en Vilaboa, partido judicial de la Coruña. El 9 y 10 en varios puntos de los partidos judiciales de la Coruña y Betanzos. El 11 y 13 en Ares, partido judicial de Puentedeume.

(1) *Dicendo*, diciendo: generalmente se usa *dicindo*.

(2) Peces, semejantes á los que se conocen con el nombre de *alfóndigas*.

TRISTEZA

1. Adiós, Ares de mi vida,
a popa che vou virando
c'os meus ollos te vou vendo
e co-o corazón chorando.
2. ¡Ai! adiós, meu parabén,
suspiros me fan a cama
soledades me mantén.
3. Adiós ríos, adiós fontes,
adiós, augas de beber,
adiós, casa de meus padres,
¡cánd'a volveréi á ver!
4. Airiños, airiños, aires,
airiños d'a miña terra;

airiños, airiños, aires,
aires, ¡volvédem' á ela! (1)

5. Airiños d' a miña terra,
airiños d' o meu lugar,
airiños, airiños, aires,
aires, vídeme buscar.

6. ¡Alegría! si a teño
tróuguena d' a miña casa;
dentro d' o meu corazón
¡sabe Dios o que se pasa!

7. Algún día paseaba
muñños de *Don Zanín* (2);
agora vou paseando
terriñas que nunca vin.

8. Algún día por aquí
era eu a máis querida

(1) Este cantar figura entre los glosados con brillante éxito por Rosalía Castro, y concluye con el siguiente verso:

«volvédeme logo á ela.»

(2) Cullergondo, Ayuntamiento de Abegondo, partido judicial de Betanzos.

agora por máis fertuna
son a máis aborrecida. (1)

9. Algún día por aquí
era eu a máis querida,
agora por pouca sorte
son a máis aborrecida. (2)

10. Cada vez que considero
que de tí m'hei d'apartar,
énchensem 'os ollos d'auga
e o corazón de pesar.

11. Cada vez que te paseo,
calle d'a *Pescadería*, (3)
énchensem 'os ollos (4) d'auga
o corazón d'agonía.

(1) Casi igual al siguiente.

(2) Este versc contiene una idea contraria al que ocupa igual posición en el cantar anterior. Fué obtenido el 1.º en Abegondo, Ayuntamiento del partido judicial de Betanzos, y el 2.º en Aranga, del mismo partido.

(3) En Vivero, provincia de Lugo.

(4) *Enchensem 'os ollos*: Llénanseme los ojos.

12. Campanas de *Bastabales*, (1)
cando vos oyo tocar
mórrome de soledades.
13. ¡Cómo queres que navegue
si non hai navegación!
¿queres que me bote â augua
e morra sin confesión?
14. Choráde, nenas, choráde
nada vos digo por eso,
que hast'a Virxe choróu
cando veu á Xexús preso.
15. D'a porteliña d'arriba
dei unha volta pr'atrás,
¡meus fillos, milla muller,
que tan lonxe me quedás!
16. Dille que sospiro e choro,
dille que vivo morrendo,

(1) Bastabales, cerca de Santiago, camino de Noya.

Este cantar ha servido de base al renombrado poeta contemporáneo, Eduardo Pondal, para su sentida y conocida composición, que lleva por título: «A campana d'Anllons», escrita por dicho señor á la edad de dieciocho años.

dille que se compadeza
d'o mal qu'estóu padecendo.

17. Hoxe tocoume de quinto
mañán voum-á *retallar*; (1)
quén ha de ser a miniña
que por min ha de chorar.

18. Hoxe voume de soldado
e deixo a miña rapaza;
si lle ven outro non sei
¡é a pena qu'a mín me mata!

19. Miña nai á min crioume
para ben pouca fortuna;
¡para vender as *queiroas* (brezos)
os *farroupeiros* (2) d'a Cruña.

20. Miña neniña pequena,
¿quén che vai dar de mamar?
tua nai vai n-a vendima
e teu pai saléu ô mar.

(1) Outros dicen *resellar*.

(2) Ahuecados: vanidosos.

21. Miréi po-la tua porta
vin o que estabas facendo :
e vin, que estabas chorando,
eu a culpa non *che tendo*. (1)
22. Non che valera de nada
o trocarm'á min por outro :
¡bastante traballo é
dispirse d' a millor roupa ! (desnudarse)
23. Non te vayas, Pepe meu,
deixa eses outros marchar
mira, no me deixes sola ,
qu'a pena me vai levar.
24. Os faroles de Palacio
xa non queren alumbrar ;
porque a reina está morta
de loito queren estar. (2)
25. O que nunca estuvo lonxe
non sabe o qu' é padecer

(1) Trasposición propia del gallego.

(2) No es contemporánea.

¡de lonx'as penas aumentan
para quen sabe querer!

26. ¡Pobres vaquiñas miñas:
s' o meu coidado,
como pesa n-a (1) y-alma
pesa n-o carro!
27. *Sonche* (2) com' aquela pedra
que está tirada n-a calle
que todo o mundo a pisa
y ela non se queixa á nadie. (3)
28. Teño un pesar com' un puño
heich' o de contar un día
no meu corazón non caben
cousas de *malancolia*. (4)

(1.) Las vocales largas no se prestan, por su doble valor, á ser elididas cuando se pretende evitar el *hiato*, y en tal caso es frecuente sustituir el apóstrofo por una consonante eufónica como la *n* ó la *y*.

(2.) La sílaba *che* se usa con frecuencia unida al verbo, que en rigor no la necesita.

(3.) Igual á otra copla castellana.

(4.) Generalmente se dice *melanconía*: el colector copió fielmente lo que ha oído.

El número 1 fué obtenido en Ares, partido judicial de Puente deume. El 2, 4 y 6 en el partido judicial de Betanzos. El 10, 16, 18 y 25 en Aranga, del partido judicial de Betanzos. El 11 en Cerbo, provincia de Lugo. El 12 y 15 en la Coruña. El 13 en Ares, del partido judicial de Puente deume y en Ferrol. El 17 en Pravio, Cela y otros puntos del partido judicial de la Coruña y Betanzos. El 19 en Morás, del partido judicial de la Coruña. El 20 en Sada, del partido judicial de Betanzos. El 24 en Vivero, provincia de Lugo. El 27 en Elviña, del partido judicial de la Coruña.

VACILACIÓN

1. Non sei por donde me vaya,
tampouco donde me veña,
nin donde perdín o pau
d'a máis preciada cardeña.

2. Quérenm' as nenas d'aquí
e as d'a banda de Leiro
¡se me collen por Rianxo
reñeránm' en Abanqueiro!

El número 1 fué obtenido en Pravio, Cambre y otros puntos del partido judicial de la Coruña. El 2 en Taragoña, Ayuntamiento de Rianjo, partido judicial de Padrón.

VILLANCICOS

1. Alegría, meus amigos,
máis alegría e placer,
e que viva o Rey d' os ceos
por sempre *xamáis*, amén. (jamás)

2. Rita, encénde catro pallas
e corramos á Belén,
cantarl' o rou rou ô neno
e fagamos durma ben.

3. A rou rou, rou rou, meu neno,
á rou rou, rou rou, meu amor,
dúrme ben, meu queridiño,
que che canto o rou rou
rou rou, rou rou, rou rou rou.

4. Co as bágoas nos ollos
quedóu dormidiño,
dúrme que che preste,
meu inocentiño.

5. ¡Ai! miña xoíña, (1)
¡cántos traballiños
ven pasar ô mundo
para redimirnos!

6. D'eses piteliños (2)
que estás ehí (3) facendo
trái, Pepiño, us poucos
pra quentar o (4) neno.

7. Traí, Pepiño, traí,
d'eses piteliños
pra quentar o neno
que ten moito frio.

(1) *Xoíña*: Joya la más querida.

(2) *Piteliños*: Astillas de leña.

(3) *Ehí*: En la provincia de Orense se dice *ehí*; también dicen *il*, *aquil*, *iles*, *eiquí*, *eilí*, mientras en la de la Coruña se dice *él*, *aquél*, *eles*, *aquí*, *alí*.

(4) *Quentar o*: Calentar el.

8. Non se canse, nai,
en facerme os gangos,
que eu vin á este mundo
pra pasar traballos.

Los *villancicos* que anteceden se los facilitó al colector su muy querido amigo y antiguo discípulo en la Universidad de Santiago, el malogrado humanista y autor de la *Gramática gallega*, D. Juan A. Saco y Arce, coredponsal de la Real Academia Española.

ÍNDICE DEL TOMO SEGUNDO

	<u>Págs.</u>
Agravios.	1
Agrícola.	4
Aguinaldo.	5
Amorosos.	6
Animales, plantas y frutas.	23
Aritmética.	37
Astros.	38
Ausencias.	39
Baile y Música.	42
Burlescos.	50
Cantar (sobre).	70
Casamiento.	78
Comida.	85
Consejos.	88
Cualidades personales.	91
Desaires.	106
Desconfianza.	109
Desdenes.	110
Desengaños.	112
Deseos.	113
Despedidas.	114
Desprecios.	120
Diálogos y «enchoyadas».	123
Diálogos de pullas.	129
Diálogo de Antón e Marica.	133
Días de la semana.	137
Edades.	139

	Págs.
Educación.	140
Enfermedades.. . . .	141
Fanfarronadas y valentonadas.	143
Geográficas.	146
Graciosas.. . . .	165
Infantiles.	185
Intereses.	189
Juramento.	191
Maldiciones.. . . .	192
Mayo (el)..	194
Mentiras.	199
Muñeiras.	200
Murmuración.. . . .	212
Nombres de personas.	214
Oficios.	215
Picarescas.	239
Piropos.	265
Reconvención.	267
Reconciliación.	269
Reflexivas.	270
Remordimientos.	278
Rondadores.	279
Ruada.	283
Santos, santuarios y romerías.	287
Sucias.	294
Temor.	296
Trajes.	297
Tristeza.	301
Vacilación.	309
Villancicos.	310



ERRATAS MÁS NOTABLES DEL TOMO SEGUNDO

Página.	Línea.	Dice.	Debe decir.
9	12	eche	èche
44	20	e a que	é a que
68	2	d'a	d'á
95	9	} eche	èche
102	5		
109	7	te-l-o	tè-l-o
126	12 y 19	} tí	ti
129	10 y 11		
134	14 y 16		
156	4	qu'os	qu'òs
157	24	Àsillaman	Àsí llaman
159		(nota del cantar 53)	nota del cantar 57
224	8	quéiman' m'as	quéimanm'as
285	7	mas	mais
289	14	Davo	Darvo
290	4	mandón	mandóu
304	15	milla	miña